Attendance and security - Rexistros de asistencia e cuestións de seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> • Tp5.2.1 - Explicación dos sistemas de control de asistencia e de seguridade. • Tp5.2.2 ζ Presentación de vocabulario relacionado con horarios e vacacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta5.2.1 ζ Identificación de áreas de acceso restrinxido e dos sistemas de control en distintas localizacións. • Ta5.2.2 ζ Tipos de contrato, de baixas e altas laborais e informes de asistencia. • Ta5.2.3 ζ Elementos que inflúen na prevención de riscos laborais. • Ta5.2.4 ζ Tomar conciencia da importancia da seguridade no traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Informe de asistencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sección 17 dos libros ζOffice Administrationζ (Studentζs Book e Workbook). • - Audio correspondente á devandita sección. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.6 - Conversas • LC.7 - Lecturas • PE.1 - Textos e audicións • PE.2 - Textos 	9,0
At the bank - Xestións bancarias.	<ul style="list-style-type: none"> • Tp5.3.1 - Explicación de distintas transaccións bancarias. • Tp5.3.2 ζ Presentación do vocabulario relativo ás finanzas: porcentaxes, xuros, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta5.3.1 ζ Identificación e recoñecer os pasos que precisa unha transacción bancaria determinada. • Ta5.3.2 ζ Identificación de distintos tipos de contas bancarias. • Ta5.3.3 ζ Empregar o vocabulario específico deste campo. • Ta5.3.4 ζ Traballar con moedas, valores e intercambios. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Transferencias bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Sección 18 dos libros ζOffice Administrationζ (Studentζs Book e Workbook). • - Audio correspondente á devandita sección. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Audicións • LC.2 - Materiais de consulta • LC.4 - Conversas • LC.5 - Conversas e redaccións • PE.4 - Textos e audicións • PE.5 - Textos • PE.8 - Redaccións 	11,0
TOTAL						30,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A este nivel espérase que o alumno teña unha pronuncia intelixible, que un falante nativo poidase entender sen excesiva dificultade. Ademais terá que haber un grao de corrección tanto a nivel oral como escrito suficiente como para non impedir a comunicación. O alumno ten que ser capaz de distinguir e producir todos os sons da lingua inglesa, diferenciar a entoación de preguntas, frases enunciativas e exclamativas, ser capaz de expresar emocións como a sorpresa, o fastidio, a queixa, etc coa entoación adecuada, e coñecer un vocabulario básico, con especial atención a terminoloxía profesional que foi obxecto de estudo neste módulo. Con relación a gramática, debe coñecer as estruturas básicas, como por exemplo formar preguntas e respostas, utilización de modais e auxiliares, utilización básica de preposicións e conxuncións, tempos verbais, voz pasiva (presente e pasado) , oracións de relativo e estilo indirecto. En canto a lingua escrita espérase que o alumno sexa como mínimo capaz de redactar unha carta comercial có formato apropiado e con diferentes fins (queixa, solicitude de información, negociación, confirmación de reserva, etc) así como outros documentos que lle serán de utilidade no mundo profesional (fax, formulario de pedido, curriculum, e-mail, impreso de solicitude, etc. Os alumnos atoparán información concreta dos contidos mínimos exigibles na táboa que figura nas primeiras páxinas do libro de texto.

AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso realizarase unha proba de coñecementos previos que avaliará todas as destrezas lingüísticas así coma o uso da lingua para así poder detectar o nivel de partida do alumnado así como aquel que precisa de máis reforzo xa neste intre.

AVALIACIÓN PROCESUAL

Realizarase alomenos unha proba escrita e unha proba oral en cada trimestre que avaliarán as distintas destrezas incluíndo linguaxe funcional, léxico, comprensión lectora, comprensión oral, expresión escrita e expresión oral.

As probas escritas puntuarán un 80% da nota que se dividen do seguinte xeito:

- Listening: 10%
- Writing: 15%
- Comprensión Lectora: 15%
- Uso da lingua, gramática e vocabulario (Functional Language, Grammar and Vocabulary) terán un valor do 40%.

É necesario acadar unha nota mínima de 3 en cada unha das partes do exame para achar a nota media.

A expresión oral (Speaking) terá un valor do 15% . Esta destreza avaliarase mediante unha proba específica, por exemplo: lectura dun texto e preguntas feitas polo/a profesor/a sobre a lectura e/ou os temas tratados na clase.

O 5% restante corresponde ao traballo feito polo alumnado na clase (participación, esforzo, traballo, colaboración activa e dinamizadora na aula) así como as tarefas feitas na casa.

CUALIFICACIÓN FINAL

Ao abeiro da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial "nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial."

As probas serán sempre de carácter presencial, só se fará de xeito virtual mediante a Aula Virtual do instituto e o sistema de videoconferencias

CISCO WEBEX en caso de tratarse dun alumno confinado por mor da COVID-19 no exame final da última avaliación. No resto de avaliacións aínda que o alumno estea confinado non se farán probas telemáticas. O alumnado realizará esas probas de xeito presencial cando regrese ás aulas e acharase a nova nota media da avaliación, de ser o caso, que será a que se teña en conta para a nota final.

Para o seguimento das clases no caso de confinamento, se o alumnado confinado se atopa con boa saúde, a profesora informará a este alumnado do traballado na aula ese día para que eles o poidan facer na casa e pregunten as dúbidas que poidan ter. Se houbera que facer/entregar algunha tarefa, este alumnado faríao a través da Aula Virtual para así ir levando un seguemento do seu traballo que contribuirá ao 20% da nota final tal e como se recolle nesta programación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

O alumnado que non aprobe o módulo na convocatoria ordinaria, acudirá ás sesións de tutoría coa profesora nas que se repasarán os contidos e as destrezas que máis dificultade presenten a este alumnado. Daránselle tamén recursos para a práctica de "listening" e "reading" así como calquera outra axuda que poidan precisar.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua so poderán presentarse ao exame final, é dicir, realizarán un único exame que constará de dúas partes, escrita e oral, baseado na totalidade dos contidos mínimos desta programación. Haberán de superar ambos exames (escrito e oral) cunha nota media de alomenos 5 puntos mais unha nota inferior a 3 en algunha das dúas probas impedirá que se faga media ponderada entre as dúas partes (80% parte escrita e 20% parte oral) e polo tanto a cualificación será de insuficiente.

Se o alumno non supera o exame, haberá de presentarse ao exame escrito e oral de convocatoria extraordinaria que terá lugar no mes de febreiro. Aquel alumnado que teña o módulo pendente dunha convocatoria anterior poderá ser matriculado na Aula Virtual de este curso e así terá acceso a material de reforzo para preparar a materia. O/a profesor/a tamén lles proporcionará material de reforzo máis personalizado se así o requiren.

Esta proba constará dunha parte escrita na que se avaliarán as catro destrezas (Reading, Writing, Listening, Speaking) máis a gramática, vocabulario e uso da lingua do módulo e outra oral na que o alumno deberá ler un texto e responder a preguntas de comprensión sobre o mesmo así como a outras formuladas pola profesora. A parte escrita ten un valor dun 80% e a oral dun 20% e é necesaria unha cualificación mínima de 3 puntos para achar a media. Se o resultado obtido é de 5 puntos ou máis, o módulo estará superado.

Cando un/unha alumno/a pasa ao segundo curso do ciclo co módulo de inglés suspenso, terá que poñerse en contacto co/a profesor/a que imparte o módulo nese curso escolar para que lle proporcione información sobre o plan de traballo para preparar a súa recuperación. O traballo que o/a alumno/a faga e que entregará ao/a profesor/a nas datas que este/a estipule suporá un máximo de dous puntos na nota (20%). Os 8 puntos restantes (80%) corresponderanse co exame de recuperación que terá lugar no mes de febreiro. Se o/a alumno/a non fai as tarefas ou non as entrega en tempo e forma, o exame computará o 100% da nota.

Este exame constará de dúas partes:

(A) parte oral 20%. O alumno terá que preparar a lectura dun texto. Traerá o texto xunto cunha copia impresa para o/a profesor/a. Ao final da súa lectura deberá responder a preguntas de comprensión sobre o mesmo así como outras relacionadas ou ben co texto ou cos contidos do módulo.

(B) parte escrita 80% que comprenderá as tres destrezas restantes (listening, reading, writing) e a gramática e vocabulario do módulo.
Para poder facer media o/a alumno/a necesita un mínimo de tres puntos sobre dez en cada unha das partes anteriormente descritas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Un dos puntos que se adoitan trazar nas reunións do Departamento é o seguimento da programación e as posibles modificacións que requira. Ademais, a Memoria Anual do Departamento elabórase trimestralmente para poder analizar os resultados obtidos e introducir as medidas necesarias a fin de axudar aos alumnos a acadar os obxectivos da programación.

Os principais indicadores do grao de cumprimento da programación serán:

- Os resultados académicos acadados.
- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realización de tests a comezo do curso para constata-los coñecementos previos dos alumnos, e poder avaliar posteriormente a súa progresión.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse materiais de apoio e soporte.

- Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.
- Darase a oportunidade de realizar actividades extra para compensar as carencias que sexan detectadas.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas _ especialmente nos ámbitos da comprensión e da expresión_ coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas. Teráse que reforzalos aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións, os seus intereses e expectativas, o seu grao de integración, etc.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de eninanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores e material de traballo trataranse a través das diferentes actividades que realizarán o longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

No momento de elaboración desta programación, non se contempla a realización de actividades complementarias e extraescolares.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM01	Actividades comerciais	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1226	Márketing na actividade comercial	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA GÓMEZ PAZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación concreta as actividades a desenvolver no módulo de Marketing na Actividade Comercial en consoancia co Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Actividades Comerciais.

O título de Técnico en Actividades Comerciais concederá a posibilidade de exercer a actividade en calquera sector produtivo dentro da área de comercialización, realizando actividades de venda de bens e/ou servizos a través das diversas canles de comunicación ou ben realizando funcións de organización e xestión do seu propio comercio.

En canto á súa adecuación ao ámbito produtivo, o currículo deste módulo prepara os alumnos para a súa inserción laboral nas empresas localizadas na contorna de Pontevedra. O IES Luís Seoane está ubicado no barrio de Monteporreiro, concello de Pontevedra, no que se pode denominar un entorno urbano. Nel se imparten ESO e Bacharelato, pero trátase dun centro especializado en Comercio, que oferta todos os ciclos formativos da familia nos tres niveis (Básico, Medio e Superior), oferta ciclos de comercio en réxime ordinario, de adultos e FP Dual, ademáisda formación profesional da familia de Administración de empresas. Trátase dun centro que traballa de forma coordinada pola mellora continua, a convivencia e a inclusión. Dispón de espazos e medios técnicos axeitados para os ciclos de comercio e traballa na actualización destes e na formación do equipo docente de forma continua.

Os alumnos proceden de Pontevedra e dos concellos limítrofes, xa que os estudantes que viven nos pobos da comarca que están interesados en cursar determinados ciclos formativos vense obrigados a acudir ós centros da cidade. Polo tanto, non se trata dun alumnado urbano na súa totalidade, xa que moitos proceden de vilas das comarcas veciñas e outros residen nas áreas rurais do concello de Vigo. As familias dos alumnos teñen, en xeral, un nivel socioeconómico medio, sen ningunha outra característica sociolóxica a destacar.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector do Comercio e Marketing, realizando funcións de venda de bens e/ou servizos a través das diversas canles de comunicación ou ben realizando funcións de organización e xestión do seu propio comercio.

Competencias:

i) Executar as accións de márketing definidas pola organización comercial no plan de márketing, identificando as necesidades de produtos e/ou servizos da clientela, os factores que interveñen na fixación de prezos, as canles de distribución e as técnicas de comunicación, para cumprir os obxectivos fixados pola dirección comercial.

m) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.

n) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais no ámbito de traballo.

ñ) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, identificando as súas causas dentro do ámbito da súa competencia e autonomía.

o) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

Obxectivos xerais:

n) Identificar o mercado e o contorno da empresa comercial, obtendo e organizando a información dos axentes que interveñen no proceso comercial e aplicando políticas de márketing apropiadas, para executar as accións de márketing definidas pola organización comercial no plan de márketing.

q) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar ás situacións profesionais e laborais.

r) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais, para actuar con responsabilidade e autonomía.

s) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para arranxar de xeito responsable as incidencias da súa actividade.

t) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas



receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.

Serán traballadores que xestionen un comercio ou unha tenda tradicional por conta propia, ou por conta allea en calquera empresa ou organización nas seccións de comercialización.

As ocupacións e postos de traballo mais salientables son:

- Vendedor/a
- Vendedor técnico
- Representante comercial
- Promotor/a
- Televendedor
- Vendedor a distancia
- Teleoperador/a
- Caixeiro ou repoñedor

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe								
					122600								
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6	RA7	RA8	
1	Marketing e mercado	Definimos o concepto de marketing na actividade comercial, analizamos o mercado como punto de partida para unha estratexia de marketing .	36	20	X	X							
2	A investigación comercial	Determinarase o proceso de investigación comercial e o SIM	30	10			X						
3	O produto	Definiranse as políticas aplicables os bens e servizos para adecualas as necesidades e perfís dos clientes.	24	15				X					
4	O precio	Determinaranse os métodos de fixación de prezos de venda tendo en conta os costes , a marxe comercial....	24	15					X				
5	A distribución	Seleccionarase a forma e a canle de distribución do produto ou liña de produtos.	24	15						X			
6	A comunicación	Analizaranse as técnicas da política de comunicación.	24	15							X		
7	O plan de marketing	Elaborarase un plan de marketing.	30	10								X	
Total:			192										

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Marketing e mercado	36

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica o concepto de márketing e a súa utilidade na actividade comercial, analizando as súas principais funcións nas empresas e organizacións	SI
RA2 - Caracteriza o mercado e o contorno da empresa, analizando os principais factores que os conforman e a súa influencia na aplicación das accións de márketing	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Elaborar unha definición de marketing 1.2 Coñecer os tipos de marketing 1.3 Identificar as funcións do departamento de marketing 1.4 Comprender a evolución do marketing 1.5 Recoñecer as tendencias actuais do marketing	1	O Marketing	17,0
2.1 Definir o mercado, tipos e axentes que interveñen. 2.2 Analizar as variables do micro e macro entorno a través de exemplos concretos. 2.3 Coñecer os criterios de segmentación, análise de segmentos e estratexias. 2.4 Definir o concepto de posicionamento e interpretar mapas. 2.5 Comprender ao consumidor e factores que inflúen no seu comportamento.	2	O Mercado	17,0
3.1 Avaliar globalmente a unidade cunha proba combinada	3	Avaliación global da unidade	2,0
TOTAL			36

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Comparáronse as acepcións do termo márketing	● PE.1 - Proba escrita	S	5
CA1.2 Determináronse as funcións do márketing nas empresas, nas organizacións e nas institucións sen ánimo de lucro	● PE.2 - Proba escrita	S	5
CA1.3 Detalláronse os tipos de márketing, analizando as súas características diferenciadoras	● TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño	S	10
CA1.4 Caracterizáronse os instrumentos de márketing-mix, analizando os principais elementos que os integran	● PE.3 - Proba escrita	S	15

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Diferenciáronse os enfoques que as empresas lle poden dar á súa actividade comercial, analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes	● OU.1 - Táboa de indicadores para produtos	S	5
CA1.6 Consideráronse diversas formas de organización do departamento de márketing, segundo o tamaño da empresa, o tipo de actividade, o mercado onde opera, etc	● OU.2 - Táboa de indicadores para produtos	S	5
CA1.7 Analizáronse as novas tendencias do márketing grazas á aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación	● OU.3 - Táboa de indicadores para produtos	S	5
CA2.1 Identificouse o concepto de mercado, os elementos que o integran, a súa estrutura e o seu funcionamento	● OU.4 - Táboa de indicadores para produtos	S	5
CA2.2 Comparáronse os mercados atendendo a diferentes criterios	● PE.4 - Proba escrita	S	10
CA2.3 Identificáronse os límites do mercado de carácter territorial, os debidos ás características das persoas consumidoras e os derivados do uso do produto	● PE.5 - Proba escrita	S	5
CA2.4 Identificouse o contorno da empresa, analizando os factores do microcontorno e do macrocontorno, e a súa influencia na aplicación das políticas de márketing	● OU.5 - Táboa de indicadores para produtos	S	10
CA2.5 Aplicáronse técnicas de segmentación de mercados para dividir o mercado en grupos homoxéneos de poboación consumidora, analizando os seus obxectivos, as súas utilidades e os criterios de segmentación aplicables	● PE.6 - Proba escrita	S	5
CA2.6 Diferenciáronse as estratexias de segmentación que pode adoptar unha empresa ao aplicar as súas políticas de márketing	● PE.7 - Proba escrita	S	5
CA2.7 Interpretouse o proceso de decisión de compra das persoas consumidoras, analizando as fases e as variables que inflúen	● PE.8 - Proba escrita	S	5
CA2.8 Diferenciáronse os determinantes internos e externos que inciden no comportamento de compra das persoas consumidoras	● PE.9 - Proba escrita	S	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Concepto e contido do márketing.
Orixe e evolución do concepto.
Funcións do márketing na empresa e na economía.
Tipos de márketing.
Instrumentos e políticas de márketing-mix.
Márketing na xestión da empresa.
Orientación da actividade comercial da empresa.
Organización do departamento de márketing dunha empresa atendendo a diferentes criterios: estrutura e organigramas.
Tendencias actuais do márketing. Aplicación das novas tecnoloxías. O márketing en internet.
Mercado: concepto, características, elementos, funcións e límites.
Determinantes internos e externos do comportamento de compra.
Proceso de decisión de compra de entidades consumidoras industriais.
Clasificación dos mercados atendendo a distintos criterios.
Estrutura do mercado: mercado actual e potencial.
O contorno e a súa influencia no márketing da empresa.

Contidos
Factores do microcontorno.
Variables do macrocontorno.
Segmentación do mercado: concepto e obxectivos. Criterios de segmentación.
Estudo do comportamento das persoas consumidoras.
Proceso de decisión de compra das persoas consumidoras finais.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O Marketing - Identificaranse as funcións do marketing, os instrumentos do mix. evolución do marketing no tempo e as últimas tendencias.	<ul style="list-style-type: none"> Introducción ao módulo, unidade, e á Actividade1 da aula invertida: <ul style="list-style-type: none"> -obxectivos -recursos -tarefas Dinamización, seguimento e apoio. Observación e recollida de datos 	<ul style="list-style-type: none"> Visualización individual na aula virtual e resposta ás preguntas de control. Elaboración dun informe que recolla as ideas principais. Posta en común Autoavaliación 	<ul style="list-style-type: none"> Informe do alumno sobre conceptos básicos de marketing. Resposta ás preguntas propostas. Resultados da autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual Ordenadores Webs de interese Bibliografía Cuestionario de autoavaliación 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Táboa de indicadores para produtos OU.2 - Táboa de indicadores para produtos OU.3 - Táboa de indicadores para produtos PE.1 - Proba escrita PE.2 - Proba escrita PE.3 - Proba escrita TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	17,0
O Mercado - Concepto e tipos de mercados, axentes que interveñen, o macro e micro contorno, segmentación e posicionamento	<ul style="list-style-type: none"> Presentación da Actividade2: <ul style="list-style-type: none"> -obxectivos -recursos -tarefas Dinamización, seguimento e apoio. Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Visualización individual na app e respostas de control. Resolución de exercicios(o mercado, DAFO, segmentación, posicionamento, consumidor...) e elaboración dun informe coas súas conclusións. Posta en común Autoavaliación e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Resposta ás tarefas propostas Informe do alumno sobre análise do mercado. Resultados da autoavaliación e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual Webs de interese Bibliografía Cuestionario de autoavaliación Táboas de coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.4 - Táboa de indicadores para produtos OU.5 - Táboa de indicadores para produtos PE.4 - Proba escrita PE.5 - Proba escrita PE.6 - Proba escrita PE.7 - Proba escrita PE.8 - Proba escrita PE.9 - Proba escrita 	17,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación global da unidade - Avaliar globalmente a unidade					<ul style="list-style-type: none"> ● OU.1 - Táboa de indicadores para produtos ● OU.2 - Táboa de indicadores para produtos ● OU.3 - Táboa de indicadores para produtos ● OU.4 - Táboa de indicadores para produtos ● OU.5 - Táboa de indicadores para produtos ● PE.1 - Proba escrita ● PE.2 - Proba escrita ● PE.3 - Proba escrita ● PE.4 - Proba escrita ● PE.5 - Proba escrita ● PE.6 - Proba escrita ● PE.7 - Proba escrita ● PE.8 - Proba escrita ● PE.9 - Proba escrita ● TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	2,0
TOTAL						36,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A investigación comercial	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina o proceso de investigación comercial e o sistema de información de márketing, analizando as técnicas e os procedementos aplicables para o seu desenvolvemento	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Describir o SIM 1.2 Identificar as fases da investigación comercial 1.3 Levar a cabo o proceso de investigación comercial e o SIM 1.4 Empregar as técnicas e os procedementos da Investigación Comercial	1	Proxecto de investigación comercial	28,0
2.1 Avaliar globalmente a unidade cunha proba combinada	2	Avaliación global da unidade	2,0
TOTAL			30

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Comprobase a necesidade de información que teñen as empresas para a toma de decisións, o deseño e a aplicación das súas políticas comerciais	● PE.1 - Proba escrita resolta	S	10
CA3.2 Clasifícase a información, atendendo a criterios tales como a natureza, a orixe e a dispoñibilidade dos datos	● OU.1 - Táboa de indicadores para produtos	S	10
CA3.3 Describiuse o sistema de información de márketing (SIM), diferenciando os subsistemas que o integran e as funcións que desenvolve cada un	● TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño	S	10
CA3.4 Describiuse o proceso de investigación comercial, identificando as súas fases ou etapas	● PE.2 - Proba escrita resolta	S	10
CA3.5 Diferenciáronse as fontes de información internas e externas, primarias e secundarias, das que se poden obter os datos	● PE.3 - Proba escrita resolta	S	10
CA3.6 Identificáronse as fontes de información secundarias, analizando os procedementos para a obtención e o tratamento dos datos	● PE.4 - Proba escrita resolta	S	15
CA3.7 Identificáronse as fontes de información primarias, analizando as técnicas de investigación cualitativa e cuantitativa aplicables para a obtención dos datos	● OU.2 - Táboa de indicadores para produtos	S	20
CA3.8 Utilizáronse aplicacións informáticas para a obtención, o tratamento, a análise e o arquivamento de información salientable para a empresa	● PE.5 - Proba escrita resolta	S	15
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos

Contidos
Necesidade de información na empresa.
OTraballo de campo na investigación comercial.
Tratamento e análise de datos.
Elaboración do informe e presentación dos resultados.
Tipos de datos.
Fontes de información internas e externas, primarias e secundarias.
Sistema de información de márketing (SIM).
Investigación comercial: concepto e características. Tipos de estudos. Aplicacións da investigación comercial.
Fases dun proceso de investigación comercial.
Fontes de información secundarias.
Fontes primarias. Técnicas de investigación cualitativa: entrevista en profundidade, dinámica de grupos e observación. Técnicas proxectivas. Técnicas de creatividade.
Fontes primarias. Técnicas de investigación cuantitativa. Enquisa: tipos de enquisa; cuestionario. Mostraxe: selección da mostra.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proxecto de investigación comercial - Describírase o SIM e identificaranse as fases da investigación comercial, as fontes de información, farase o traballo de campo e analizaranse os datos presentando un informe cos resultados.	<ul style="list-style-type: none"> Introducción á UD2 e presentación da Actividade3: <ul style="list-style-type: none"> -obxectivos -recursos -tarefas Dinamización, seguimento e apoio. Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Visualización individual na app e respostas de control. Deseño dun proxecto de investigación comercial. Presentación de proxectos para a posta en común. Autoavaliación e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Resposta ás tarefas propostas Proxecto de investigación. Resultados da autoavaliación e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual Webs de interese Bibliografía Cuestionario de autoavaliación Táboas de coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Táboa de indicadores para produtos OU.2 - Táboa de indicadores para produtos PE.1 - Proba escrita resolta PE.2 - Proba escrita resolta PE.3 - Proba escrita resolta PE.4 - Proba escrita resolta PE.5 - Proba escrita resolta TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	28,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación global da unidade - Avaliarase globalmente a unidade					<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Táboa de indicadores para produtos • OU.2 - Táboa de indicadores para produtos • PE.1 - Proba escrita resolta • PE.2 - Proba escrita resolta • PE.3 - Proba escrita resolta • PE.4 - Proba escrita resolta • PE.5 - Proba escrita resolta • TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	2,0
TOTAL						30,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O produto	24

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Define as políticas aplicables ao produto ou servizo, adecuándoo ás necesidades e ao perfil da clientela e ás tendencias do mercado	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os atributos do produto 1.2 Elaborar bases de datos de produtos. 1.3 Identificar as vantaxes da marca.	1	O produto como elemento do marketing	11,0
2.1 Facer análises comparativos do produto co dos competidores 2.2 Definir as estratexias comerciais según o ciclo de vida 2.3 Elaborar informes sobre o produto.	2	Estratexias en políticas de produto	11,0
3.1 Avaliar a unidade cunha proba combinada	3	Avaliación global da unidade	2,0
TOTAL			24

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícanse os atributos do produto ou servizo segundo a súa natureza, a súa utilidade e as necesidades que poida satisfacer, os motivos de compra e a percepción de <u>valor das persoas consumidoras</u>	• PE.1 - Proba escrita resolta	S	10
CA4.2 Elaborouse unha base de datos de produtos, liñas, familias e referencias dos produtos ou servizos que comercializa a empresa, e incorporóuselle a información <u>salientable de cada produto</u>	• TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño	S	10
CA4.3 Realizouse unha análise comparativa do produto ou servizo con outros da competencia, centrada nas características técnicas, nas utilidades, na presentación, na <u>marca, no envase, etc</u>	• OU.1 - Táboa de indicadores para produtos	S	15
CA4.4 Secuenciouse o ciclo de vida dun produto, analizando as etapas polas que atravesara e as accións de márketing aplicables en cada fase	• OU.2 - Táboa de indicadores para produtos	S	15
CA4.5 Actualizouse a base de datos dos produtos ou servizos, con información recollida de vendedores/as ou distribuidores/as, e das tendas ou grupos de clientela	• PE.2 - Proba escrita resolta	S	10
CA4.6 Definíronse estratexias comerciais en política de produto, tendo en conta as características deste, o ciclo de vida e o perfil da clientela á que se dirixa	• PE.3 - Proba escrita resolta	S	15
CA4.7 Elaboráronse informes sobre produtos, servizos ou liñas de produtos, utilizando a aplicación informática axeitada	• PE.4 - Proba escrita resolta	S	25
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>O produto como instrumento de márketing.</p> <p>Atributos dun produto.</p> <p>Clasificación dos produtos atendendo a distintos criterios.</p> <p>Dimensión do produto. Gama e liñas de produtos, familias e categorías.</p> <p>Análise da carteira de produtos e servizos ou marcas dunha empresa.</p> <p>Ciclo de vida do produto: concepto e fases.</p> <p>Estratexias en política de produtos.</p> <p>Aplicación do márketing aos servizos. Estratexias e xestión dos servizos.</p> <p>Marca: concepto, tipos, finalidade e regulación legal.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>O produto como elemento do marketing - Definiranse as políticas de marketing aplicables ao produto según a súa clasificación dimensión e a marca.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Introducción á UD3, presentación da Actividade4: <ul style="list-style-type: none"> -obxectivos -recursos -tarefas Dinamización, seguimento e apoio. Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Visualización de materiais sobre o produto. Por parellas, análise de distintos casos sobre o produto. Elaboración dun informe cos principais conceptos. Autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Informe sobre o produto, tipos, dimensións, etc Resposta aos casos propostos. Resultados da autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Webs de interese Ordenadores Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual Bibliografía Cuestionario de autoavaliación 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita resolta PE.2 - Proba escrita resolta TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	11,0
<p>Estratexias en políticas de produto - Definiranse as políticas de marketing aplicables ao produto para adecualo as necesidade ea ao perfil dos clientes e/ou as tendencias do mercado</p>	<ul style="list-style-type: none"> Presentación da Actividade5: <ul style="list-style-type: none"> -obxectivos -recursos -tarefas Dinamización, seguimento e apoio. Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Por parellas, recopilación das distintas estratexias de produto, e decisión sobre as máis axeitadas en cada caso analizado Elaboración dun informe coa súa proposta. Posta en común. Autoavaliación e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Análise das estratexias de produto. Resposta aos casos propostos. Resultados da autoavaliación e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual Webs de interese Bibliografía Cuestionario de autoavaliación Táboas de coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Táboa de indicadores para produtos OU.2 - Táboa de indicadores para produtos PE.3 - Proba escrita resolta PE.4 - Proba escrita resolta 	11,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación global da unidade - Avaliarase globalmente a unidade					<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Táboa de indicadores para produtos • OU.2 - Táboa de indicadores para produtos • PE.1 - Proba escrita resolta • PE.2 - Proba escrita resolta • PE.3 - Proba escrita resolta • PE.4 - Proba escrita resolta • TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	2,0
TOTAL						24,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O prezo	24

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Determina o método de fixación do prezo de venda do produto ou servizo, tendo en conta os custos, a marxe comercial, os prezos da competencia, a percepción de valor da clientela e outros factores que inflúen no prezo	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definir o concepto de prezo. 1.2 Identificar os factores que inflúen na determinación do prezo. 1.3 Determinar os métodos de fixación de prezos.	1	O prezo como instrumento do marketing. Factores que inflúen no prezo	8,0
2.1 Analizar os obxectivos da política de prezos 2.2 Comprender os efectos do prezo sobre a demanda. 2.3 Coñecer como se calcula o custo e marxes dun produto. 2.4 Coñecer e por en práctica as estratexias en política de prezos.	2	Estratexias de fixación de prezos	14,0
3.1 Avaliar globalmente a unidade cunha proba combinada	3	Avaliación global da unidade	2,0
TOTAL			24

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Identifícanse os factores que inflúen no prezo de venda dun produto, considerando custos de fabricación e distribución, comisións, marxes, ciclo de vida, prezos da competencia, tipo de clientela, etc	• TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño	S	5
CA5.2 Identifícase a normativa legal relativa a prezos dos produtos e servizos, para a súa aplicación na política de prezos da empresa	• TO.2 - Táboa de indicadores de desempeño	S	5
CA5.3 Calculouse o prezo de venda do produto a partir dos custos de fabricación e distribución, aplicando unha determinada marxe comercial	• PE.1 - Proba escrita resolta	S	10
CA5.4 Analizouse o efecto dunha variación nos custos de fabricación e distribución sobre o prezo de venda final do produto	• PE.2 - Proba escrita resolta	S	10
CA5.5 Calculouse a marxe comercial bruta do produto, a partir da análise dos compoñentes do custo total, o punto morto e a tendencia do mercado	• PE.3 - Proba escrita resolta	S	20
CA5.6 Determinouse o efecto das variacións no prezo de venda do produto sobre as vendas, e analizouse a elasticidade da demanda do produto	• OU.1 - Táboa de indicadores para produtos	S	20
CA5.7 Comparouse o prezo do produto ou servizo que se comercializa cos da competencia, e analizáronse as causas das diferenzas	• PE.4 - Proba escrita resolta	S	10
CA5.8 Definíronse estratexias en política de prezos tendo en conta os custos, o ciclo de vida do produto, os prezos da competencia, os motivos de compra e a percepción de valor da clientela	• PE.5 - Proba escrita resolta	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.9 Elaboráronse informes sobre prezos de produtos, servizos ou liñas de produtos, utilizando a aplicación informática axeitada	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Táboa de indicadores para produtos 	S	10
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Prezo do produto como instrumento de márketing.</p> <p>Factores que condicionan o prezo dun produto.</p> <p>Compoñentes do prezo dun produto ou servizo. Custos e marxes.</p> <p>Métodos de fixación de prezos a partir do custo, baseados na competencia e baseados na demanda de mercado.</p> <p style="color: green;">Métodos de fixación de prezos a partir do custo</p> <p style="color: green;">Métodos de fixación de prezos baseados na competencia</p> <p style="color: green;">Métodos de fixación de prezos baseados na demanda de mercado</p> <p>Estratexias en política de prezos.</p> <p>Estratexias de prezos psicolóxicos.</p> <p>Cálculo de custos e do prezo de venda do produto, utilizando a folla de cálculo.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O prezo como instrumento do marketing. Factores que inflúen no prezo - Determinación do prezo, e factores que inflúen na fixación de prezos.	<ul style="list-style-type: none"> Introducción á UD3, presentación da Actividade6: <ul style="list-style-type: none"> -obxectivos -recursos -tarefas Dinamización, seguimento e apoio. Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Visualización dos materiais e respostas de control. Por parellas, análise de casos sobre o prezo. Elaboración dunha táboa resumo coas principais ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> Resposta aos casos propostos. Táboa resumo sobre o prezo, compoñentes, factores e métodos de fixación. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual Webs de interese Bibliografía 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita resolta PE.2 - Proba escrita resolta PE.3 - Proba escrita resolta PE.4 - Proba escrita resolta TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño TO.2 - Táboa de indicadores de desempeño 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estratexias de fixación de prezos - Análise e toma de decisións sobre prezos en base a custos, competencia e demanda.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación da Actividade7: <ul style="list-style-type: none"> -obxectivos -recursos -tarefas • Dinamización, seguimento e apoio. • Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Por parellas, recopilación das distintas estratexias de prezos. • Resolución de casos, decisión sobre as máis axeitadas, analizando na folla de cálculo. • Elaboración dun informe coas conclusións. • Autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes sobre estratexias de prezos. • Casos resoltos. • Resultados da autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores • Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual • Webs de interese • Bibliografía • Folla de cálculo 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Táboa de indicadores para produtos • OU.2 - Táboa de indicadores para produtos • PE.5 - Proba escrita resolta 	14,0
Avaliación global da unidade - Avaliarase globalmente a unidade					<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Táboa de indicadores para produtos • OU.2 - Táboa de indicadores para produtos • PE.1 - Proba escrita resolta • PE.2 - Proba escrita resolta • PE.3 - Proba escrita resolta • PE.4 - Proba escrita resolta • PE.5 - Proba escrita resolta • TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño • TO.2 - Táboa de indicadores de desempeño 	2,0
TOTAL						24,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A distribución	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Selecciona a forma e a canle de distribución do produto ou da liña de produtos, considerando os tipos de axentes intermediarios que interveñen e as funcións que desenvolven	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as formas de distribución comercial e as formas de venda 1.2 Recoñecer os canles de distribución según o número e tipo de intermediarios 1.3 Comparar as estruturas e formas de distribución comercial	1	A distribución como instrumento de marketing	10,0
2.1 Analizar as distintas estratexias de distribucións e tomar decisións sobre as máis axeitadas. 2.2 Calcular costes de distribución do produto. 2.3 Elaborar informes sobre a distribución comercial.	2	Estratexias en políticas de distribución	12,0
3.1 Avaliar a unidade cunha proba combinada	3	Avaliación global da unidade	2,0
TOTAL			24

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Identifícanse as funcións da distribución comercial, valorando a súa importancia dentro do márketing, para achegar o produto á poboación consumidora	● PE.1 - Proba escrita resolta	S	5
CA6.2 Identifícanse as formas de venda en función do sector e do tipo de produto e de clientela, diferenciando a venda tradicional, o autoservizo e a venda sen tenda	● TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño	S	10
CA6.3 Recoñécense as canles de distribución comercial en función do número e do tipo de axentes intermediarios que interveñen e as funcións que desempeñan	● PE.2 - Proba escrita resolta	S	5
CA6.4 Comparáronse estruturas e xeitos de distribución comercial, considerando os niveis da canle e o número e o tipo de intermediarios	● PE.3 - Proba escrita resolta	S	10
CA6.5 Calculouse o custo de distribución do produto, tendo en conta os custos de transporte, de seguro, de almacenamento, de comisións, de marxes e financeiros	● PE.4 - Proba escrita resolta	S	20
CA6.6 Comparáronse posibles estratexias de distribución para distintos produtos, con vistas a seleccionar a canle máis axeitada, valorando a posibilidade de distribución en liña	● PE.5 - Proba escrita resolta	S	20
CA6.7 Diferenciáronse os tipos de contratos de intermediación comercial para formalizar a relación entre fabricantes e distribuidores/as do produto	● OU.1 - Táboa de indicadores para produtos	S	15
CA6.8 Elaboráronse informes sobre distribución comercial, a partir da análise de custos, tempos, axentes intermediarios dispoñibles e estratexias viables, utilizando a aplicación informática axeitada	● OU.2 - Táboa de indicadores para produtos	S	15
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Distribución comercial como instrumento de márketing.</p> <p>0Estratexias de distribución. Relación entre fabricante e rede de venda.</p> <p>Costos de distribución: estrutura e cálculo.</p> <p>Canles de distribución: concepto, estrutura e tipos.</p> <p>Intermediarios comerciais: funcións e tipos.</p> <p>Comerciantes por xunto.</p> <p>Comercio retalista.</p> <p>Factores que condicionan a elección da forma e da canle de distribución.</p> <p>Formas comerciais de distribución: comercio independente, asociado e integrado.</p> <p>Formas de intermediación comercial.</p> <p>A franquía.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A distribución como instrumento de marketing - Identifícaranse as funcións de distribución, as formas de venda según o produto ou cliente, recoñecendo as canles de distribución según o nº e o tipo de intermediario así como as estruturas e formas de distribución comercial.	<ul style="list-style-type: none"> • Introducción á UD4, presentación da Actividade8: -obxectivos -recursos -tarefas • Dinamización, seguimento e apoio. • Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Visualización individual en Edpuzzle e respostas de control. • Elaboración dun mapa mental sobre distribución, custos, intermediarios, métodos de venda, con exemplos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Resposta aos casos propostos • Mapa mental do alumno sobre os principais conceptos de distribución e relación coa realidade da distribución en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores • Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual • Webs de interese • Bibliografía • GoConqr 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Proba escrita resolta • PE.2 - Proba escrita resolta • PE.3 - Proba escrita resolta • TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	10,0
Estratexias en políticas de distribución - Comparación das estratexias de distribución e toma de decisións, considerando as distintas modalidades cos seus custos asociados	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación da Actividade9: -obxectivos -recursos -tarefas • Dinamización, seguimento e apoio. • Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> • En equipos de 3, resolución de problemas de distribución, valorando as posibles alternativas, custos e toma de decisións xustificadas. • Elaboración dun informe de conclusións. • Posta en común. • Autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Informe do alumno sobre estratexias de distribución. • Resposta aos casos propostos. • Resultados da autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores • Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual • Webs de interese • Bibliografía • Folla de cálculo • Cuestionario de autoavaliación 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Táboa de indicadores para produtos • OU.2 - Táboa de indicadores para produtos • PE.4 - Proba escrita resolta • PE.5 - Proba escrita resolta 	12,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación global da unidade - Avaliarase globalmente a unidade					<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Táboa de indicadores para produtos • OU.2 - Táboa de indicadores para produtos • PE.1 - Proba escrita resolta • PE.2 - Proba escrita resolta • PE.3 - Proba escrita resolta • PE.4 - Proba escrita resolta • PE.5 - Proba escrita resolta • TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	2,0
TOTAL						24,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A comunicación	24

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Identifica as accións e as técnicas que integran a política de comunicación da empresa ou organización, analizando as funcións de cada unha	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Diferenciar as accións que forman o mix da comunicación. 1.2 Caracterizar as funcións da publicidade, os medios e os soportes mais habituais. 1.3 Elaborar un briefing sinxelo	1	Comunicación como instrumento de marketing.	10,0
2.1 Controlar as accións da política de relacións pública das empresa. 2.2 Identificar as técnicas de promoción de vendas mais utilizadas 2.3 Determinar as características da venda persoal 2.4 Identificar as técnicas de marketing directo mais utilizadas 2.5 Coñecer os obxectivos do merchandising	2	O mix de comunicación	12,0
3.1 Avaliar globalmente a unidade cunha proba combinada	3	Avaliación global da unidade	2,0
TOTAL			24

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA7.1 Diferenciáronse os tipos de accións que integran o mix de comunicación dunha empresa, analizando a súa finalidade	● PE.1 - Proba escrita resolta	S	5
CA7.2 Establecéronse os obxectivos da política de comunicación segundo o público obxectivo e as estratexias empresariais	● OU.1 - Táboa de indicadores para produtos	S	5
CA7.3 Caracterizáronse as funcións da publicidade, e os medios e os soportes máis habituais	● OU.2 - Táboa de indicadores para produtos	S	25
CA7.4 Caracterizáronse as accións aplicables dentro da política de relacións públicas dunha empresa ou organización	● PE.2 - Proba escrita resolta	S	10
CA7.5 Identificáronse as técnicas de promoción de vendas máis utilizadas polas empresas de distribución	● TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño	S	10
CA7.6 Determináronse as funcións do merchandising, identificando os tipos de técnicas aplicables	● PE.3 - Proba escrita resolta	S	10
CA7.7 Caracterizouse a venda persoal, os seus obxectivos e características diferenciadoras como instrumento de comunicación comercial de resposta inmediata	● PE.4 - Proba escrita resolta	S	10
CA7.8 Identificáronse as técnicas de márketing directo máis utilizadas	● PE.5 - Proba escrita resolta	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA7.9 Seleccionáronse as accións de comunicación e promoción máis axeitadas para lanzar un produto ao mercado ou prolongar a súa permanencia nel	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Proba escrita resolta 	S	15
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Comunicación como instrumento de márketing. OPromoción de vendas. Merchandising. Venda persoal. Márketing directo e en liña. Proceso de comunicación comercial: elementos básicos. Mix de comunicación: tipos e formas. Obxectivos das políticas de comunicación. Publicidade. Axencias de publicidade. Briefing do produto. Eficacia publicitaria Relacións públicas.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Comunicación como instrumento de marketing. - Diferenciaranse as ferramentas de comunicación a empregar coas características da comunicación de publicitaria cos obxectivos publicitarios según cada tipo, cada función e os medios e soportes a empregar.	<ul style="list-style-type: none"> Introducción á UD5, presentación da Actividade10: -obxectivos -recursos -tarefas Dinamización, seguimento e apoio. Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Visualización individual en Edpuzzle e respostas de control. Elaboración dun mapa mental sobre elementos e ferramentas de comunicación, con exemplos reais. Dexeito individual, análise da publicidade, medios e soportes. Diferentes estratexias de publicidade e tendencias en Galicia e no mundo. Por equipos de 4, redacción dun briefing para un produto, servizo. Presentación da súa proposta ao grupo. Autoavaliación e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Resposta aos casos propostos. Mapa mental de comunicación Análise da Publicidade Briefing elaborado polos alumnos Resultados da autoavaliación e coavaliación 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual Webs de interese Bibliografía Cuestionario de autoavaliación Táboas de coavaliación. GoConqr Trello e Prezi 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Táboa de indicadores para produtos OU.2 - Táboa de indicadores para produtos PE.1 - Proba escrita resolta PE.6 - Proba escrita resolta 	10,0
O mix de comunicación - Analizaranse outras ferramentas de comunicación, como as RRPP, promoción de vendas, venda persoal, merchandising e marketing directo.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación da Actividade11: -obxectivos -recursos -tarefas Dinamización, seguimento e apoio. Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Análise das ferramentas de comunicación. En equipos de 3, resolución de problemas de comunicación, valorando alternativas, custos das mesmas e toma de decisións. Posta en común Autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Análise comparativo das estratexias de comunicación. Casos resoltos. Resultados da autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual Webs de interese Bibliografía Folla de cálculo Cuestionario de autoavaliación 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Proba escrita resolta PE.3 - Proba escrita resolta PE.4 - Proba escrita resolta PE.5 - Proba escrita resolta TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	12,0
Avaliación global da unidade - Avaliarase globalmente a unidade					<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Táboa de indicadores para produtos OU.2 - Táboa de indicadores para produtos PE.1 - Proba escrita resolta PE.2 - Proba escrita resolta PE.3 - Proba escrita resolta PE.4 - Proba escrita resolta PE.5 - Proba escrita resolta PE.6 - Proba escrita resolta TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	2,0



	TOTAL	24,0
--	-------	------

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	O plan de marketing	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Secuencia o proceso de planificación comercial, identificando as fases ou as etapas do plan de márketing	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definir os obxectivos do plan de marketing	1	Elaboración dun plan de marketing	28,0
1.2 Establecer os datos e as estratexias para elaborar o plan de marketing			
1.3 Definir as accións das políticas de marketing.			
1.4 Elaborar o presuposto do plan de marketing.			
1.5 Coñecer os procedementos para o seguimento dun plan de marketing.			
1.6 Comparar os resultados cos obxectivos elaborando informes de control e avaliación do plan.			
2.1 Avaliar globalmente a unidade cunha proba combinada	2	Avaliación global da unidade	2,0
TOTAL			30

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA8.1 Identificáronse as funcións da planificación comercial na empresa, así como a utilidade e o contido do plan de márketing	● PE.1 - Proba escrita resolta	S	10
CA8.2 Establecéronse as etapas ou fases do proceso de elaboración do plan de márketing	● PE.2 - Proba escrita resolta	S	10
CA8.3 Establecéronse os datos ou a información de base que será obxecto de análise para elaborar o plan de márketing	● PE.3 - Proba escrita resolta	S	10
CA8.4 Fixáronse uns determinados obxectivos, analizando as estratexias de márketing máis axeitadas para os alcanzar	● PE.4 - Proba escrita resolta	S	15
CA8.5 Definíronse accións relativas ás políticas de produto, prezo, distribución e comunicación, así como as relacións entre elas	● PE.5 - Proba escrita resolta	S	15
CA8.6 Prevíronse procedementos para realizar o seguimento e control das políticas do plan de márketing, obtendo a información necesaria dos departamentos da empresa, vendedores/as e distribuidores/as, etc	● TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño	S	10
CA8.7 Comparáronse os resultados obtidos cos obxectivos previstos	● OU.1 - Táboa de indicadores para produtos	S	15
CA8.8 Elaboráronse informes de control e avaliación do plan de márketing	● OU.2 - Táboa de indicadores para produtos	S	15
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Planificación de márketing: finalidade e obxectivos.</p> <p>Características e utilidades do plan de márketing.</p> <p>Estrutura do plan de márketing. Fases na súa elaboración.</p> <p>Análise da situación: análise interna e externa; análise DAFO.</p> <p>Fixación dos obxectivos que se pretende conseguir.</p> <p>Definición das accións e políticas do márketing-mix.</p> <p>Orzamento.</p> <p>Execución do plan de márketing.</p> <p>Seguimento das políticas do plan de márketing.</p>

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Elaboracion dun plan de marketing - Secuenciarase o proceso de planificación comercial identificando as fases ou etapas dun plan de marketing</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Introducción á UD7, presentación da Actividade12: -obxectivos -recursos -tarefas • Dinamización, seguimento e apoio. • Observación e recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> • En equipos de 4, deseño dun plan de marketing estratéxico, deseño do mix de marketing e orzamento para levalo a cabo, con ferramentas de traballo colaborativo. • Elaboración da presentación coas decisións adoptadas. • Defensa na aula. • Autoavaliación e coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de Marketing • Presentación • Resultados da autoavaliación e coavaliación 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores • Aplicacións: Edpuzzle, Google classroom ou Aula virtual • Webs de interese • Bibliografía • GoConqr • Folla de cálculo • Trello e Prezi • Cuestionario de autoavaliación • Táboas de coavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Táboa de indicadores para produtos • OU.2 - Táboa de indicadores para produtos • PE.1 - Proba escrita resolta • PE.2 - Proba escrita resolta • PE.3 - Proba escrita resolta • PE.4 - Proba escrita resolta • PE.5 - Proba escrita resolta • TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	28,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación global da unidade - Avaliarase globalmente a unidade					<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Táboa de indicadores para produtos • OU.2 - Táboa de indicadores para produtos • PE.1 - Proba escrita resolta • PE.2 - Proba escrita resolta • PE.3 - Proba escrita resolta • PE.4 - Proba escrita resolta • PE.5 - Proba escrita resolta • TO.1 - Táboa de indicadores de desempeño 	2,0
TOTAL						30,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Ao longo das unidades didácticas, marcáronse todos os criterios de avaliación coma mínimos exigibles, e polo tanto o mínimo exigible a acadar para superar cada criterio de avaliación, resultado de aprendizaxe, cada unidade didáctica e polo tanto cada avaliación, sendo imprescindible superar todos os mínimos exigibles descritos para superar ben sexa a unidade, a avaliación e/ou módulo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación serán acordes ás ponderacións dos criterios de avaliación e en consecuencia aos mínimos exigibles a acadar, correspondendo nun 60% a probas escritas, un 30% a través das táboas de indicadores para produtos e un 10% a través das táboas de indicadores para procedementos, ao longo de cada unidade.

Para superar o módulo será necesario superar os mínimos exigibles correspondentes a cada criterios de avaliación, superando así os correspondentes Resultados de aprendizaxe e as correspondentes unidades didácticas.

En cada Unidade Didáctica empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

-Probas de coñecementos: "Proba escrita + modelo de solución". Ponderarán un 60% na nota da avaliación. Cada UD avaliarase cunha proba combinada de coñecementos, que poderá ser de contido teórico ou teórico e práctico.

-Probas de produción: Ponderarán un 30% na nota da unidade. Valorarase a través dunha "Táboa de indicadores para produtos". Se nalgunha unidade non se propuxesen traballos por circunstancias excepcionais, o 30% que corresponde a este apartado avaliaríase a través de probas de coñecementos, aumentando esta porcentaxe.

-Probas de desempeño: Ponderará un 10% na nota da unidade. Valorarase a través de "Táboas de indicadores de observación".

NOTA DE CADA AVALIACIÓN:

A nota da avaliación será a media ponderada das UD's impartidas na mesma, respectando a ponderación global, adaptándoa en cada caso ao número de unidades impartidas

NOTA FINAL DO MÓDULO:

A nota final do módulo será a media ponderada de todas as UD's, especificadas na devandita programación (a ponderación dependerá do peso de cada UD dentro do módulo e dos criterios de avaliación dentro de cada unidade), sendo necesario ter superados os mínimos exigibles.

Se por algunha razón non se impartisen todas as UF ou/e as Unidades didácticas, o peso das que quedasen sen impartir, repartiríase proporcionalmente segundo a súa ponderación, entre as demais para o cálculo da nota final do módulo.

Todos os Criterios de Avaliación (CA) establécense como mínimos tendo que acadarse o 50% da cualificación de cada un para ter unha avaliación positiva. O cálculo do 50% establecerase no nivel mínimo de logro que corresponda ao instrumento de avaliación empregado.

Os procedementos de avaliación que se aplicarán poderán ser:

a. Probas de coñecementos: consistentes en probas escritas que poderán conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test ou supostos prácticos. As probas conterán instrucións de realización e a cualificación máxima por preguntas ou apartados. Este tipo de probas serán combinadas; ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a

cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar avaliación.

Unha proba de coñecementos non realizada inxustificadamente, suporá volvela realizar no período de actividades de recuperación correspondente.

b. Probas de produto e/ou desempeño: consistirán en traballos de investigación, memorias, fichas, plans, obxectos, informes ou defensas orais tanto en grupo como individuais. Conterán indicacións/instrucións precisas sobre como presentalas, os formatos de presentación, o xeito de presentación (correo electrónico, aula virtual,...), se debe ser defendido, os prazos de presentación, as penalizacións por presentacións fóra de prazo e de como se cualificarán (niveis de logro e indicadores). Un produto non presentado inxustificadamente, implicará volvelo realizar no período de actividades de recuperación correspondente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando o alumno ou alumna non alcance a avaliación positiva, é dicir, non consegue o nivel de logro mínimo establecido, realizará unha proba de recuperación consistente nunha proba escrita que poderá conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test e suposto prácticos.

As actividades de recuperación desenvolveranse no período de abril a xuño aínda que durante o curso se establecerán, para cada proba non superada, outros períodos de recuperación en datas anteriores. Trátase de que o alumnado aprenda dos propios erros e sexa capaz de corríxilos.

Así mesmo, ao tratarse dun módulo de primeiro, debe terse en conta o alumando que está cursando 2ª curso e ten o módulo pendente, polo que se diseñará con devandito alumnado o proceso de recuperación.

O alumnado deberá entregar as mesmas tarefas prácticas que o alumnado de curso ordinario, cun valor de 20%. Este alumando terá a disposición a aula virtual para ver os contidos do curso, así como para entregar as tarefas correspondentes, establecendose dous prazos principais, decembro e marzo, previa a FCT, e previa a recuperación final.

Así mesmo realizará unha proba práctico - teórica parcial nos mesmos prazos, cun valor de 80%.

Para o calculo da nota final terase en conta as mesmas ponderacións que as comentadas para o alumnado de 1º.

Se o alumnado no superase as devantitas probas parciais deberá realizar unha proba final previa FCT.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo o artigo 25.3 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, a avaliación continua do/a alumno/a require da súa asistencia regular ás clases. Tal e como figura na resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/2023 no seu artigo cuarto e conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nas correspondentes normas de organización, funcionamento e convivencia.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

En todo caso, a perda ao dereito a avaliación continua non implicará a perda de dereito de asistencia a clases, de titorización ou de asistencia ás probas parciais. "O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011" Este alumnado será avaliado mediante unha proba extraordinaria de avaliación sobre todos os contidos do módulo nun exame final nas datas que determine o departamento e a xefatura de estudos do centro.

Para este alumnado a nota final formarase unicamente coa nota desta proba final e deberán superar todos os mínimos exixibles para superar o módulo.

A proba de avaliación extraordinaria terá a mesma estrutura que as probas realizadas por avaliación, e será coincidente no tempo coa proba de recuperación extraordinaria para os alumnos que non perderan a avaliación continua.

Esta proba de avaliación extraordinaria constará de dúas partes.

Unha primeira parte, cun valor dun 60%:

Realizarase unha proba global, con todas as UD "Proba escrita + modelo de solución", tratarase dunha única proba combinada. Esta proba terá unha estrutura similar ás realizadas por avaliación, e será realizada na data que estableza o Departamento e a Xefatura de Estudos, e que se publicará no taboleiro de anuncios coa suficiente antelación, así como na Aula Virtual da docente.

Unha segunda parte, cun valor dun 40%

Esta parte consistirá na presentación dun proxecto combinado, avaliado con "Táboas de Indicadores de produtos" e "Táboas de Indicadores de observación". Estas tarefas serán similares as realizadas nas probas ordinarias, e serán especificadas ca suficiente antelación, (tras a avaliación parcial do último trimestre), na Aula Virtual do módulo.

O alumno ou alumna deberá acadar o nivel mínimo de logro establecido para todos os CA que integran o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para a realización do seguimento da programación utilizarase a aplicación informática da Consellería de Educación, Ao finalizar cada unidade, analizaranse o grao de cumprimento, as desviacións producidas, determinando as causas e establecendo actuacións de corrección.

Informarase mensualmente nas reunións de equipo docente do grao de cumprimento da mesma. No caso de modificacións significativas na programación, estas xustificaranse debidamente e deixarase constancia na acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional. Ao final de curso, a profesora realizará a memoria final do módulo, segundo o modelo establecido, na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o ano e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Para a avaliación da práctica docente terase en conta tanto a autoavaliación da propia docente. Realizarase unha análise crítica de tódalas partes da programación, valorando se a posta en práctica logrou cumprir os obxectivos previstos, se a temporalización foi adecuada, se as tarefas de cada actividade se desenrolaron correctamente, se os criterios de avaliación e cualificación foron os correctos, se os instrumentos de avaliación se axustaban a cada tarefa e se a metodoloxía foi a adecuada e logrou transmitir os contidos a todo o alumnado.

Terase asemade, en conta a avaliación por parte do alumnado, que contará, unha vez rematado cada unidade cunha enquisa de satisfacción do labor docente, así como dos contidos do módulo, a que poderán acceder na aula virtual da docente e contestar de maneira anónima.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Esta programación baséase no deseño universal para o aprendizaxe (DUA), que ten como finalidade a inclusión efectiva do alumnado aplicando as directrices e liñas metodolóxicas da Orde 8 de setembro de 2021, que desenrola o Decreto 229/2011 de 7 de decembro.

De cara á valoración de se esta programación se adecúa á diversidade do alumnado do curso, nas primeiras semanas, e ao longo das dúas primeiras unidades, faranse diversas probas iniciais que valorarán determinadas competencias básicas e coñecementos previos.

Realizaranse probas de competencia lingüística e comprensión a través de lectura de textos. Valorarase a competencia dixital a través de elaboración de documentación en programas informáticos como Word ou Excel. Farase unha análise da competencia emprendedora a través de tarefas de creatividade e pensamento diverxente. A través de cálculos matemáticos valorarase a competencia matemática e científica. Finalmente avaliarase a competencia social e cívica, a través de tarefas en grupo e resolución de conflitos. Estas probas xunto ca posta en común na sesión de avaliación inicial permitirá adaptar a programación ás necesidades detectadas.

Existen multitude de recursos e ferramentas que poden axudar á adecuación do proceso de ensino aprendizaxe á diversidade do noso alumnado, polo que se empregarán no caso de ser necesarios.

De ser necesario e trala consulta co departamento de Orientación e a propia aceptación do/a alumno/a, poderase propoñer ao alumnado á flexibilización modular, Esta flexibilización deberá ser aceptada pola Xefatura Territorial.

No mes de setembro se desenvolverá un procedemento de observación competencial a través de tarefas concretas que permitan recoller información sobre competencias claves. Estas tarefas concretas están recollidas na Unidade 0.- "Presentación".

As competencias clave son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita. Para desenvolverla deseñaranse tarefas que impliquen a expresión escrita e a utilización da oralidade.
2. Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
3. Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempos, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.
4. Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.
5. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

Se realizará unha reunión de avaliación inicial de acordo coas instrucións indicadas pola Xefatura de Estudos ao principio do curso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

eseñaranse medidas de reforzo, apoio e adaptación para todo o alumnado, tendo en conta a Orde 8 de setembro de 2021, que desenrola o Decreto 229/2011 de 7 de decembro.

Na Aula Virtual do módulo o alumnado atopará tarefas de repaso, reforzo e ampliación de cada unidade, así como de tutoriais de conceptos básicos e das carencias detectadas.

Dependendo das necesidades específicas e individuais do alumnado, poderán poñerse en práctica diferentes medidas de reforzo educativo:

Adaptacións para ao acceso ao currículo; adecuación da metodoloxía e os recursos e materiais utilizados; flexibilización dos tempos asignados a cada unidade didáctica e á consecución dos obxectivos propostos; adecuación dos espazos na aula, eliminando barreiras que dificulten a mobilidade e a comunicación; adaptación dos instrumentos de avaliación ás necesidades e capacidades potenciais dos alumnos e alumnas.

Por outra banda, farase fincapé en que o alumnado desenvolva e poña en práctica actitudes fundamentais para a súa futura práctica profesional.

Neste senso, favorecerase a creación dun ambiente de traballo cooperativo e de axuda mutua, que integre a aquel alumnado con diversidade de intereses e capacidades.

Sempre que sexa necesario, e para aqueles alumnos que necesiten unha especial adaptación dos contidos, procedementos, metodoloxía e avaliación, e coa asistencia do Departamento de Orientación, poderanse adoptar medidas para atender a diversidade do alumnado. Estarase as circunstancias especiais de cada caso concreto para deseñar as actuacións a seguir.

En todo caso, garantirase que os contidos mínimos sexan dominados por todo o alumnado.

Para facer unha adaptación, cando sexa necesario, no expediente académico do alumno deberá constar que esta xa foi preceptiva en etapas de ensino anteriores e segundo o establecido na normativa vixente.

O reforzo educativo debe ter como obxectivo conseguir un ensino máis adaptado a cada alumno/a de modo que poida desenvolver ao máximo todas as súas capacidades, non cinxíndose exclusivamente aos aspectos intelectuais e de coñecemento senón tendo en conta tamén os de axuste persoal, emocional e social.

As incluídas na estrutura da aula:

Este tipo de estratexias non modifica a organización do Centro nin do ciclo nin do nivel, concrétase dentro da aula. É, por tanto, fácil de realizar no sentido de que non require contar con máis medios persoais que o profesor da aula e nalgúns casos, os profesores que contan con horario destinado ao reforzo educativo.

Son medidas que requiren unha gran planificación da Programación da aula e flexibilidade metodolóxica:

1.- Estratexias de Programación:

-Establecer, con claridade, os obxectivos mínimos a conseguir por todo o grupo

-Preparar actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de ampliación variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se pon en xogo.

2.- Estratexias de Recursos Materiais:

-Banco de recursos con materiais que permitan realizar actividades de repaso, reforzo.

3.- Estratexias Espaciais.

-Localización do alumnado no sitio máis adecuado tendo en conta as características de cada neno.

-Localización das mesas en función do tipo de actividade que se vaia a realizar.

-Distribución por recunchos: o espazo divídese en diversas zonas para posibilitar a realización de tarefas de consulta, de reforzo, traballo independente, de lectura, de computador, etc.

Estratexias Persoais:

-Axuda entre iguais: Tutoría entre alumnos: un alumno, considerado experto nunha habilidade ou contido determinados, instrúe ou axuda a outros que non o dominan.

-Aprendizaxe cooperativa: grupos heteroxéneos de alumnos que teñen o obxectivo de conseguir unha meta común; para conseguilo é imprescindible a participación de cada un dos membros do grupo.

-Traballo en pequeno grupo (homoxéneos por capacidade ou por rendemento) ou en parella.

-Enseño compartido: presenza na aula de dúas ou máis profesionais que poden repartirse as tarefas, intercambiar roles e proceder a unha mediación máis individualizada.

Se o alumnado trae un diagnóstico específico aplicarase o protocolo e coordinarase con todo o profesorado, a xefa de estudos e a orientadora do

centro.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debe garantirse a formación da educación en valores e competencias ao longo de toda a vida en diferentes termos e adaptados á madurez da etapa educativa na que nos atopamos. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida. Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicalas con flexibilidade, insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na aula. Xunto ca educación en valores fomentaranse as competencias básicas e profesionais tales como a competencia dixital, o emprendemento e a RSC.

As diversas conmemoracións establecidas na ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, así como os aspectos transversais son o fío condutor de tódalas unidades a través da Axenda ODS, destacando entre outros a Educación en valores:

Educación para a paz.- Construír e potenciar unhas relacións pacíficas entre o alumnado, cultivando as condutas asertivas, a aceptación das diferenzas e a forma de resolución violenta dos conflitos que poidan xurdir entre eles.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos.- Dende o desenvolvemento da autoestima e a concepción do corpo como expresión da personalidade, pretende consolidar hábitos non discriminatorios, corrixindo prexuízos sexistas a partir da análise crítica das súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, etc. Promovendo a adquisición de habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.

Educación ambiental.- Facilitase a comprensión e valoración dos procesos que se dan na Natureza e nas relacións do home con ela, animando un cambio de valores, actitudes e condutas que promovan o respecto, coidado e promoción do medio ambiente.

Educación sexual.- Pretende que os alumnos alcancen unha información sexual suficiente e científica, e consoliden, como actitudes básicas, a aceptación do propio corpo e a naturalidade no tratamento dos temas relacionados coa sexualidade, os hábitos de hixiene e o respecto ás diferentes manifestacións da mesma.

Educación para a saúde.- Fomenta calquera actividade que estimule aos alumnos a crear hábitos e costumes sans.

Educación do consumidor/a.- Consiste en promover todo tipo de accións polas que os alumnos filtren a información recibida, de xeito consciente, crítica, responsable e solidaria, así como as decisións consecuentes para a compra de bens e servizos, tendo en conta os valores persoais, a utilización dos recursos e as consideracións ecolóxicas adecuadas.

Educación viaria .- Insístese na adquisición de condutas e hábitos de seguridade viaria, tanto de peóns como de usuarios de vehículos, á vez que lles sensibiliza sobre os problemas de circulación.

Actividades propostas:

Actividades a desenvolver dentro da aula:

Clarificación de valores. A finalidade destas actividades é favorecer que o alumno reflexione e tome conciencia e responsabilidade do que valora, pensa ou fai. (propoñer un temas a desenvolver)

Discusión de dilemas morais. Consistiría en propor ao alumnado, situacións antagónicas que lles expoñan conflito cognitivo, preguntándolles cal sería a mellor solución para o dilema.

Análise crítica. Supón solicitar información sobre unha situación que supoña conflito de valores, axuizala e tomar posición ante ela

Dramatizacións. Axudarán a pórse no posto de outra persoa, o cal implica someterse ás normas que impón a propia coherencia do papel asumido e vivenciar os seus prexuízos, valores, etc.

Regulación de conflitos. Manexar os conflitos que xorden na vida cotiá de forma non violenta senón racional e reflexivamente; negociando, acordando, etc.

Actividades a desenvolver fora da aula:

Actos que se organicen con motivo de diversas conmemoracións relacionadas coa paz (Día Escolar da Non-Violencia e da Paz, dos Dereitos Humanos, etc...)

Actos comunitarios convocados en colaboración con outros centros (deportes, festas, teatro, etc...)

Realizar actividades no medio natural que teñan como finalidade aprender a desenvolverse nel, comprometéndose ao seu coidado e conservación.

Teranse en conta os seguintes aspectos:

1. Valores democráticos e mellora da cohesión social.
2. Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
3. Dereitos Humanos.
4. Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ
5. Dereitos laborais.
6. Respecto das condicións de competencia.
7. Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
8. Preservación do Medio Ambiente. A sustentabilidade.
9. Promoción da igualdade de xénero.
10. Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.
11. Deontoloxía profesional.
12. Identidade dixital: netetiqueta.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

AActividades complementarias de formación no centro.

Contémplanse varias actividades dentro do horario lectivo que completen a educación en valores e as competencias persoais e profesionais do módulo, tales como: Curso de interventora de Abanca, curso sobre prevención de riscos, cursos de actualización dixital e igualdade.

O alumnado coordinará e realizará para toda a comunidade educativa, o proxecto de Alimentación saudable, Samaín, Igualdade, San Valentín Saudable entre outros.

Actividades complementarias de formación no entorno.

Referidas á tarefas de integración do alumnado co entorno a través de participación en concursos, visitas autónomas a centros de ocio, museos, comercios específicos, eventos.

Saídas didácticas.

As que o Equipo docente xunto coa Xefatura de Departamento e trala aprobación por parte das autoridades competentes determinen e permitan

para o presente curso.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS NOS QUE SE FUNDAMENTA

Neste módulo preséntase un enfoque teórico da lexislación vixente ligada ó aspecto práctico. Trátase dun percorrido polos contidos dun modo estimulante e atractivo para o alumnado, fomentando a súa participación, interese e preocupacións polas diferentes cuestións.

Os principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta son:

I. Nivel de desenrolo do alumnado de 1º Ciclo Superior:

II. A construción de aprendizaxes significativos.

III. A predisposición do alumnado.

IV. Dotación de estratexias de aprendizaxe.

V. Fomento da interacción social.

VI. Fomento das competencias dixitais.

VII. Fomento da integración entre o alumnado e na comunidade educativa.

A maior parte do tempo adicarase á realización de tarefas de comprensión e investigación a partir das cales se asimilan os distintos contidos da materia aplicando unha metodoloxía activa, empregando como fio condutor o tratamento da transversalidade, tendo en conta que o alumnado son seres sociais que deben comprender, analizar e criticar as cuestións que afecten ao conxunto da sociedade e á súa propia individualidade, a través de textos de prensa, autores relevantes ou de elaboración propia.

Así mesmo preténdense o deseño universal para a aprendizaxe, tal e como define a orde 8 de setembro de 2021, respecto a diversidade do alumnado, ca finalidade de lograr a inclusión efectiva do alumnado, apoiándose e considerando a cultura da diversidade, da inclusión, da coordinación, da participación, colaboración, a cultura tecnolóxica e de innovación, a cultura da avaliación e recuperación e por suposto a da relación co entorno e as institucións.

Situacións excepcionais. Todo o material docente estará a disposición do alumnado a través da aula virtual. De non ser posible a docencia presencial colectiva ou individual empregaranse todos os medios institucionais dispoñibles, e modificarase e adaptarase a programación ao devandito.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM01	Actividades comerciais	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1227	Xestión dun pequeno comercio	2023/2024	10	174	208
MP1227_12	Plan de creación dun comercio	2023/2024	10	104	124
MP1227_22	Xestión e contabilidade dun comercio	2023/2024	10	70	84

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA GIL FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A estrutura empresarial da contorna produtiva na área de influencia de Pontevedra está constituída fundamentalmente por pequenas e microempresas do sector servizos nas que se desenvolven todas as función empresariais descritas no módulo.

As persoas que obteñan o título de técnico en Actividades Comerciais exercerán a súa actividade en calquera sector produtivo dentro da área de comercialización ou nas seccións de establecementos comerciais, realizando actividades de venda de produtos e/ou servizos a través de diversas canles de comercialización, ou ben realizando funcións de organización e xestión do seu propio comercio. Trátase de traballadores e traballadoras por conta propia que xestionan un pequeno comercio ou unha tenda tradicional, ou por conta allea, que exercen a súa actividade nos departamentos ou nas seccións de comercialización de calquera empresa ou organización, en diversos subsectores:

- En establecementos comerciais pequenos, medianos ou grandes, traballando por conta allea en diferentes seccións comerciais.
- Na comercialización de produtos e servizos por conta propia e allea, fóra do establecemento comercial.
- No departamento comercial de pequenas e medianas empresas (pemes) e empresas industriais.
- No departamento de atención á clientela e ás persoas consumidoras e usuarias de organismos públicos.
- En empresas industriais e comerciais grandes e medianas.
- No sector do comercio ao por menor

O currículo do ciclo medio de Actividades Comerciais que desenvolve o decreto 49/2016, do 7 de abril, adaptase as necesidades deste tipo de empresas, que demandan persoas cunha formación adecuada e actualizada en ditos os ámbitos empresariais.

Neste senso, a programación trata de achegar ao alumnado as ferramentas que lle permitirán elaborar un plan de empresa, así como realizar a súa xestión con éxito.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					Resultados de aprendizaxe		
					122712					122722		
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA1	RA2	RA3
1	Delimitación da idea e presentación do negocio. Estudo do entorno.	Valoración dos diferentes factores que hay que ter en conta a hora de crear unha empresa, seleccionando as ideas de negocio. Se estudará o mercado para comprobar se existe un nicho no mesmo, finalizando cunha análise DAFO	40	10	X	X	X	X	X			
2	Trámites de constitución e posta en marcha	Nesta unidade seleccionaremos a forma xurídica máis conveniente e analizaremos os trámites necesarios para a súa posta en marcha	15	10	X	X						
3	Investimento e financiamento	Estudaranse e valoraranse a distintas fontes de financiamento según o seu custe, seleccionando as máis rentables e as que mellor garanten a supervivenza da empresa	30	15		X	X	X	X			
4	Viabilidade da idea	Análise da viabilidade económica, financeira, comercial e técnica do proxecto de empresa	39	15			X		X			
5	A contabilidade dun pequeno comercio	Estudaranse os conceptos básicos da contabilidade dun pequeno comercio	15	10							X	
6	Recursos Humanos	Estudaranse a xestión dos recursos humanos na empresa	10	10							X	
7	Fiscalidade dun pequeno comercio	Estudaranse as obrigas fiscais e os xuros relacionados co pequeno negocio	39	10						X	X	
8	Xestión da documentación comercial, de cobros e pagos	Estudaranse a documentación relativa ó fluxo de cobros e pagos na empresa, aprendendo a xestionar os impagos	10	10						X		
9	A atención o cliente	Analizarase a importancia do servizo o cliente	10	10								X
Total:			208									

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Delimitación da idea e presentación do negocio. Estudo do entorno.	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación dunha pequena empresa, valorando o impacto sobre o contorno de actuación e incorporando valores éticos	NO
RA2 - Determina a forma xurídica da empresa e os trámites que se exigen para a súa creación e posta en marcha, con aplicación da normativa mercantil, laboral e fiscal	NO
RA3 - Elabora un proxecto de creación dun pequeno comercio, delimitando as súas características e incluíndo un estudo de viabilidade para a súa posta en marcha e a súa sustentabilidade	NO
RA4 - Elabora un plan básico de investimentos, identificando os activos fixos que se requiren, a súa forma de adquisición e os recursos financeiros necesarios, en función das características da tenda e dos produtos que se vaian comercializar	NO
RA5 - Planifica a xestión económica e a tesouraría do pequeno comercio, establecendo o sistema de fixación de prezos que garanta a súa rendibilidade e a súa sustentabilidade no tempo	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar os factores da innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas 1.2 Coñecer a esencia do emprendedor e as súas cualidades	1	Análise dos conceptos de emprendedor e factores de innovación empresarial	2,0
Negociación e peche da venda - Utilizarase as técnicas de comunicación mais exitosas para o caso tipo. Planificarase a negociación cun enfoque win-win. Pecharase a venda de xeito satisfactorio para as partes.	<ul style="list-style-type: none"> Síntese das claves das negociacións de vendas e o seu peche. Propoñer o cuestionario, coas pautas e directrices. Guía e asesoramento de consultas. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma Traballo en grupo sobre unha negociación e un peche de venda. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma. Traballo en grupo realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector de aula e pizarra. Manual de referencia. Ordenador con office e conexión a internet. Material didáctico base do módulo e complementos do Profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Comunicación xestual PE.5 - Negociación das Condicións da operación PE.6 - Técnicas de peche da venda 	12,0
TOTAL						38,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Contratos vinculados ás operacións de venda	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Formaliza os contratos de compravenda e outros contratos afíns, analizando as cláusulas máis habituais, de acordo coa normativa	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Diferenciar os elementos contractuais 1.2 Manexar e interpretar a Normativa básica 1.3 Redactar un contrato tipo de compravenda	1	O contrato de compravenda	10,0
2.1 Redactar un contrato de vendas en consignación 2.2 Manexar un contrato de subministro tipo 2.3 Analizar as vantaxes dun contrato leasing	2	Os contratos afíns a compravenda	10,0
TOTAL			20

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Interpreouse a normativa que regula os contratos de compravenda	● LC.1 - Normativa básica dos contratos de compravenda	N	10
CA5.2 Caracterizouse o contrato de compravenda, os elementos que interveñen e os dereitos e as obrigas das partes, analizando a súa estrutura e as cláusulas habituais que se inclúen nel	● LC.2 - O Contrato de compravenda	S	20
CA5.3 Formalizouse o contrato de compravenda no que se recollen os acordos entre vendedor/ora e comprador/ora, utilizando un procesador de textos	● LC.3 - Os acordos no contrato de compravenda	S	20
CA5.4 Interpreouse a normativa que regula o contrato de compravenda a prazos e os requisitos que se exixen para a súa formalización	● LC.4 - Os prazos no contrato de compravenda	N	10
CA5.5 Caracterizouse o contrato de vendas en consignación, analizando os casos en que proceda a súa formalización	● LC.5 - Contrato de vendas en consignación	N	15
CA5.6 Caracterizouse o contrato de subministración, analizando os supostos en que se requira para o abastecemento de materiais e servizos	● LC.6 - Contrato de subministración	N	15
CA5.7 Analizáronse os contratos de leasing e renting como alternativas de adquisición e financiamento do inmovilizado da empresa	● PE.1 - Contratos de leasing e renting	S	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos

Contidos
<p>Contrato: características, requisitos básicos e tipos.</p> <p>0 Contratos de leasing e de renting.</p> <p>Contratos de factoring e de forfaiting.</p> <p>Contrato de compravenda: características, elementos e requisitos.</p> <p>Normativa que regula a compravenda: compravenda civil e mercantil.</p> <p>Dereitos e obrigas de vendedor/ora e comprador/ora.</p> <p>Cláusulas xerais dun contrato de compravenda.</p> <p>Contrato de compravenda a prazos.</p> <p>Contrato de subministración.</p> <p>Contrato estimatorio ou de vendas en consignación.</p> <p>Contratos de transporte e de seguro.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>O contrato de compravenda - Coñeceranse os elementos do Contrato. Interpretarase o clausulado habitual. Daraselle forma de documento para firmar as partes. Manexarase a normativa reguladora mercantil básica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Exposición dos diferentes contratos de compravenda. Proponer o cuestionario sobre os contratos de compravenda, coas pautas e directrices. Guía e asesoramento de consultas. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector de aula e pizarra. Manual de referencia. Ordenador con office e conexión a internet. Material didáctico base do módulo e complementos do Profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Normativa básica dos contratos de compravenda LC.2 - O Contrato de compravenda LC.3 - Os acordos no contrato de compravenda LC.4 - Os prazos no contrato de compravenda 	10,0
<p>Os contratos afíns a compravenda - Coñeceranse o contrato de vendas en consignación. Usaranse contratos de subministración tipo. Compararanse contratos de leasing e renting.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Exposición dos diferentes contratos afíns aos de compravenda. Proponer o cuestionario sobre contratos afíns, coas pautas e directrices. Guía e asesoramento de consultas. Repaso para proba do trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma. Resumo para proba do trimestre. Proba escrita do trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma. Esquema resumo para proba do trimestre. Proba escrita do trimestre realizada. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector de aula e pizarra. Manual de referencia. Ordenador con office e conexión a internet. Material didáctico base do módulo e complementos do Profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Contrato de vendas en consignación LC.6 - Contrato de subministración PE.1 - Contratos de leasing e renting 	10,0
TOTAL						20,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión da Documentación Comercial. Cobros e pagos	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xestiona a documentación comercial e de pagamento e cobramento das operacións de compravenda, formalizando os documentos necesarios	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Xestionar documentación do ciclo completa 1.2 Formalizar un pedido de venda a distancia	1	Documentos de formalización da venda	6,0
2.1 Identificar as formas de pagamento mais habituais 2.2 Comparar medios de pagamento 2.3 Formalizar o pagamento	2	Documentos de pagamento e cobramento	12,0
3.1 Cubrir instrumentos especificados na Lei Cambiaria 3.2 Manexar cheque e letras de cambio de xeito habitual no comercio. 3.3 Relacionar os medios de e-pagamento mais usados	3	O Pagamento e cobramento aprazado	12,0
TOTAL			30

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Xestionouse a documentación comercial de operacións de venda, desde a recepción do pedido ata o envío e a recepción por parte do/a cliente/a	● LC.1 - A documentación comercial completa	N	10
CA1.2 Estableceuse o xeito de formalizar o pedido por parte do/a cliente/a, en vendas a distancia (por catálogo, televenda, teléfono móbil, internet, etc.)	● PE.1 - Formalización do pedido	S	20
CA1.3 Identificáronse as formas de pagamento, analizando o procedemento e a documentación necesaria en cada caso	● PE.2 - Formas de pagamento mais comúns	S	20
CA1.4 Diferenciáronse os medios de pagamento ao contado dos aprazados	● PE.3 - Medios de pagamento ao contado e parazados	S	10
CA1.5 Comparáronse os medios e as formas de pagamento, analizando as vantaxes e as desvantaxes en termos de custo, seguridade e facilidade de uso	● PE.4 - Medios de pagamento e seguridade	N	10
CA1.6 Formalizouse a documentación correspondente aos medios de pagamento	● PE.5 - Medios de pagamento e formalización	N	10
CA1.7 Formalizáronse cheques, letras de cambio, obrigas de pagamento e demais documentación correspondente aos medios de pagamento	● LC.2 - Letras de cambio e cheques	N	10
CA1.8 Identificouse a documentación correspondente ás operacións de endoso, aval e xestión de cobramento de medios de pagamento	● LC.3 - Operacións con letras e cheques mais comúns	N	10
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Documentación comercial xerada nas vendas. Facturas e albarás. Obrigas de pagamento. Operacións asociadas aos medios de pagamento. Endoso e aval. Xestión de cobramento de efectos comerciais. Anticipación do cobramento. Negociación e desconto bancario. Xestión de impagamentos. Medios de pagamento electrónicos. Confección, rexistro e arquivamento de documentos. Cobramento da venda. Documentos de cobramento e pagamento. Clasificación de medios de pagamento segundo a fiabilidade, o custo e o prazo de pagamento. Pagamento en efectivo. Transferencia bancaria. Lei cambiaria e do cheque. Cheque: tipoloxía e funcionamento. Letra de cambio.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Documentos de formalización da venda - Xestionarase a operación completa, incluída a recepción polo cliente. Formalizarase o pedido en vendas a distancia.	<ul style="list-style-type: none"> Síntese das claves da materia relacionadas cos documentos de formalización da venda. Propoñer un cuestionario sobre documentos de formalización de venda, coas pautas e directrices. Guía e asesoramento de consultas. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector de aula e pizarra. Manual de referencia. Ordenador con office e conexión a internet. Material didáctico base do módulo e complementos do Profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - A documentación comercial completa PE.1 - Formalización do pedido 	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Documentos de pagamento e cobramento - Identificaranse as formas de pago ao contado e aprazados. Analizaranse as vantaxes e inconvenientes dos medios de pago. Formalizarase o pago.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos diferentes documentos de pagamento e cobramento. Propoñer o cuestionario dos documentos de pagamento e cobramento, coas pautas e directrices. Guía e asesoramento de consultas. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma. Traballo en grupo realizando análise de documentos de pagamento e cobramento. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto en tempo e forma. Traballo en grupo realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector de aula e pizarra. Manual de referencia. Ordenador con office e conexión a internet. Material didáctico base do módulo e complementos do Profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Formas de pagamento mais comúns PE.3 - Medios de pagamento ao contado e parazados PE.4 - Medios de pagamento e seguridade PE.5 - Medios de pagamento e formalización 	12,0
O Pagamento e cobramento aprazado - Cumprimentarase cheques, letras e pagarés. Realizaranse operacións mediante instrumentos tipo. Coñeceranse os medios de e-pagamento mais usados.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do pagamento aprazado. Propoñer exercicios prácticos e cuestionario sobre aprazamento de cobro e pago, coas pautas e directrices. Guía e asesoramento de consultas. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios prácticos e cuestionario resoltos en tempo e forma. Traballo en grupo con resolución de exercicios prácticos sobre o aprazamento nas vendas. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo en grupo realizado. Exercicios prácticos e cuestionario resolto en tempo e forma. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector de aula e pizarra. Manual de referencia. Ordenador con office e conexión a internet. Material didáctico base do módulo e complementos do Profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Letras de cambio e cheques LC.3 - Operacións con letras e cheques mais comúns 	12,0
TOTAL						30,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Determinación do importe da venda	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina os prezos e o importe das operacións, aplicando o cálculo comercial nos procesos de venda	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar os custos de produción ou adquisición 1.2 Determinar a marxe sobre o custo e sobre a venda 1.3 Calcular o prezo de venda ao público	1	Os elementos básicos do prezo de venda do produto	12,0
2.1 Calcular os diversos descontos nunha operación 2.2 Determinar os gastos accesorios para aplicar de xeito correcto	2	O importe total dunha operación comercial	6,0
3.1 Calcular os xuros dun aprazamento tipo 3.2 Determinar o efectivo líquido nunha remesa de efectos	3	Operacións con xuros e desconto de efectos	12,0
TOTAL			30

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Calculouse o prezo de venda do produto, aplicando unha certa marxe comercial expresada en forma de porcentaxe do prezo de custo	● PE.1 - Prezo e marxes	S	10
CA2.2 Calculouse o prezo de venda do produto, aplicando unha marxe comercial expresada en forma dun porcentaxe sobre o prezo de venda	● PE.2 - Cálculo do prezo	S	10
CA2.3 Determinouse o importe total dunha operación de venda, aplicando os descontos e os gastos acordados, e o IVE correspondente	● PE.3 - O Monto total dunha operación comercial de venda	S	10
CA2.4 Calculáronse os xuros de diversas operacións, definindo as variables que o determinan e aplicando un determinado tipo de xuro	● PE.4 - Cálculo dos xuros dunha operación comercial de venda	S	10
CA2.5 Calculouse o desconto de diversas operacións, aplicando un determinado tipo de desconto	● LC.1 - Cálculo do desconto comercial	S	10
CA2.6 Calculouse o desconto e o efectivo resultante dunha remesa de efectos	● LC.2 - O efectivo dunha remesa	N	25
CA2.7 Formalizáronse facturas de negociación de efectos comerciais, aplicando un determinado tipo de desconto e a correspondente comisión	● LC.3 - Facturas con efectos comerciais	N	25
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Determinación do prezo de venda ao público do produto ou servizo. Elementos que forman parte do prezo.
Desconto racional ou matemático e desconto comercial: cálculo.
Negociación de efectos comerciais. Cálculo do desconto e do efectivo resultante dunha remesa de efectos.
Substitución de débedas. Vencemento común e vencemento medio.
Cálculo do importe de operacións comerciais en moeda estranxeira.
Cálculo do prezo de venda, aplicando unha determinada marxe comercial expresada en forma de porcentaxe sobre o prezo de custo.
Cálculo do prezo, aplicando unha determinada marxe expresada en forma de porcentaxe sobre o prezo de venda.
Cálculo do importe total dunha operación de venda.
Aplicación dos xuros nas operacións comerciais.
Concepto de xuros. Xuro simple e composto.
Cálculo do xuro simple.
Métodos abreviados para o cálculo dos xuros de varios capitais ao mesmo tipo de xuro e diferentes períodos de tempo.
Concepto de desconto.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os elementos básicos do prezo de venda do produto - Determinarase o prezo de venda, partido dun custo e marxe dados. Manexar marxes sobre o custo e sobre a venda.	<ul style="list-style-type: none"> Síntese das claves da materia relacionada con elementos básicos de prezo de venda do produto. Proponer exercicios prácticos sobre prezo de venda dun produto, coas pautas e directrices. Guía e asesoramento de consultas. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios prácticos resoltos en tempo e forma. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios prácticos resoltos en tempo e forma. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector de aula e pizarra. Manual de referencia. Ordenador con office e conexión a internet. Material didáctico base do módulo e complementos do Profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Prezo e marxes PE.2 - Cálculo do prezo 	12,0
O Importe total dunha operación comercial - Aplicaranse os descontos e gastos accesorios.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos costes dunha operación comercial. Proponer exercicios prácticos sobre costes dunha operación comercial, coas pautas e directrices. Guía e asesoramento de consultas. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios prácticos en tempo e forma. Traballo en grupo realizando exercicios prácticos sobre costes dunha operación comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios prácticos resoltos en tempo e forma. Traballo en grupo realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector de aula e pizarra. Manual de referencia. Ordenador con office e conexión a internet. Material didáctico base do módulo e complementos do Profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Cálculo do desconto comercial PE.3 - O Monto total dunha operación comercial de venda 	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Operacións con xuros e desconto de efectos - Determinaranse os xuros de varias operacións. Calcularase o desconto e efectivo nunha remesa de efectos.	<ul style="list-style-type: none"> Síntese das claves das operacións con xuros e desconto de efectos. Propoñer exercicios prácticos sobre xuros e desconto de efectos, coas pautas e directrices. Guía e asesoramento de consultas. Repaso para proba ampla. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios prácticos resoltos en tempo e forma. Traballo en grupo con exercicios prácticos de xuros e desconto de efectos. Resumo para proba escrita do trimestre. Proba escrita do trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo en grupo realizado con exercicios de xuros e desconto de efectos. Esquema resumo para proba escrita do trimestre. Exercicios prácticos resoltos en tempo e forma. Proba escrita do trimestre realizada. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector de aula e pizarra. Manual de referencia. Ordenador con office e conexión a internet. Material didáctico base do módulo e complementos do Profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - O efectivo dunha remesa LC.3 - Facturas con efectos comerciais PE.4 - Cálculo dos xuros dunha operación comercial de venda 	12,0
TOTAL						30,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O módulo de Procesos de Ventas está dividido en dous Resultados de Aprendizaxe e dúas unidades formativas que a súa vez están divididas en 5 temas.

Cada Resultado de Aprendizaxe (RA) corresponde cunha unidade didáctica completa e se considerará que está aprobado cando se supere a unidade respectiva. Para aprobar unha unidade didáctica, o alumnado ten que alcanzar a cualificación de 5 puntos, sobre unha escala total valorada de 0 a 10 puntos.

Se unha vez cualificados os Resultados de Aprendizaxe, a puntuación é inferior ao 50% do seu valor total, a profesora establecerá actividades de reforzo para axudar ao alumnado na recuperación da materia suspendida.

Para superar cada UD terase en conta o seguinte:

1.- Probas obxectivas escritas que poderán ser:

- de contido teórico: haberá que obter unha nota mínima de 5 para superala.

- de contido práctico: haberá que acadar unha nota media mínima de 5 puntos para superar a proba práctica correspondente a esa UD, sendo necesaria unha nota mínima de 5 en cada unha das partes para facer media entre ambas.

As probas obxectivas escritas valoraranse de 0 a 10 puntos e ponderaranse nun 50% da nota da unidade didáctica correspondente.

2.- Traballos individuais ou en grupo, cuestións, problemas ou exercicios propostos en clase. Valorarase a realización dos mesmos, o contido completo e axustado ao que se pide, a entrega puntual, a orde, a limpeza e presentación correcta, a exposición oral (se é o caso) e o traballo en equipo, ademais da resposta correcta ás preguntas que se lle formulen.

Valoraranse de 0 a 10 puntos e a súa ponderación será dun 50%.

Para cada unidade didáctica, a nota estará representada pola media aritmética ponderada da nota obtida nas probas obxectivas escritas e nos demais traballos e tarefas de clase.

Pola súa parte, a NOTA DA AVALIACIÓN será a media aritmética ponderada das notas das UD's impartidas en cada avaliación, tendo en conta que a ponderación indicada no punto 3.a haberá que adaptala en función da materia impartida en cada avaliación, posto que dita ponderación é para o 100% da materia.

No caso de que nalgunha proba escrita se obtivese unha cualificación inferior ou igual a 4 puntos, non se poderá facer a media aritmética ponderada, posto que non se considerará superada a avaliación. Neste caso, a nota da avaliación sería un 4 ou inferior e tería que recuperarse a UD suspensa na proba obxectiva de recuperación ou na final.

Para superar o módulo, a NOTA FINAL será a media aritmética ponderada das notas obtidas nas distintas unidades didácticas, segundo o peso, en porcentaxe, asignado a cada unha (esta porcentaxe figura no apartado 3a):

UD1 (10%), UD2 (20%), UD3 (10%), UD4 (20%), UD5 (10%), UD6 (15%), UD7 (15%)

Para superar o módulo é necesario ter unha nota mínima de 5 en tódalas avaliacións. Cando o alumnado teña unha ou varias avaliacións suspensas terá que recuperar na proba escrita final (e obter unha nota de 5 sobre 10) aquelas probas nas que non acadou unha nota mínima de 5.

Unha vez superadas as probas suspensas, calcularase a nota final do módulo facendo a media aritmética ponderada das notas das unidades didácticas.

No caso de que algunha proba non sexa superada, o módulo estará suspenso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para que o alumnado que suspenda unha avaliación poida recuperala realizarase unha proba de recuperación de cada avaliación na que cada un deberá recuperar só as unidades que non teña aprobadas, para superalas deberá obter unha nota mínima de 5 puntos en cada parte.

Na terceira avaliación realizarase unha proba final na que os alumnos e alumnas que teñan unha ou varias unidades didácticas suspensas poderán recuperalas.

Cada alumno ou alumna terá que recuperar só aquelas unidades didácticas ou partes das mesmas suspensas. Para preparar a proba o alumnado poderá resolver dúbidas e realizar exercicios e cuestións das unidades didácticas que se lle ofrecerán a través da aula virtual.

A proba final constará dunha proba escrita composta de parte teórica e parte práctica. Para superar esta proba final será preciso obter unha nota mínima de cinco puntos en cada unha das partes. A valoración da proba será de 0 a 10.

O alumnado que estea en 2º curso con este módulo pendente, realizará unha proba obxectiva final, que tamén constará dunha parte teórica e outra práctica, e para superala será necesario obter unha nota mínima de cinco puntos en cada unha das partes. A valoración de cada parte da proba será de 0 a 10 puntos e a nota final obtida no módulo será a media aritmética de ambas. Ademais deberá realizar os problemas, exercicios, cuestións e os traballos que a profesora lle indique na aula virtual ao longo do curso, que lle facilitarán a preparación da mencionada proba. Este alumnado poderá realizar a proba obxectiva final no mes de marzo (antes da avaliación previa á FCT) ou en xuño (antes da avaliación final).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Cando un alumno ou alumna perda o dereito a avaliación continua por ter un total de faltas de asistencia non xustificadas superior ao 10% do total do horario do módulo (neste caso máis de 19 sesións con faltas sen xustificar) non poderá presentarse ás probas obxectivas correspondentes ás distintas unidades didácticas e perderá as cualificacións parciais daquelas probas que xa tivera realizado.

De ser este o caso, o alumno ou alumna será avaliado mediante unha proba extraordinaria sobre toda a materia descrita nesta programación do módulo, incluídas as unidades didácticas superadas de ser o caso.

Dita proba terá unha parte teórica e outra práctica, cada parte será valorada de 0 a 10 puntos e para superar a proba final será necesario ter unha nota mínima de 5 puntos en cada parte. A cualificación que obterá o alumno será a nota media das notas de cada parte. A proba obxectiva final será realizada antes da avaliación final do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Semanalmente farase un seguimento con datos do alumnado, actividades e anotacións.

Mensualmente, farase unha comparativa dos obxectivos propostos neste documento cos acadados, valorando o grao de cumprimento do programado en relación as actividades de ensino-aprendizaxe, a súa duración, os recursos necesarios, etc. e facendo propostas de mellora.

Tamén cunha periodicidade mensual farase unha reunión de departamento para o seguimento da programación de cada módulo e a xustificación das razóns polas que se produciron desviacións sobre o previsto. Este seguimento constará nas actas de departamento.

Co fin de avaliar a práctica docente ao final de cada trimestre pedirase ao alumnado que, de maneira anónima, realice unha enquisa de satisfacción do traballo docente. Nesta enquisa recolleranse tamén preguntas sobre materiais utilizados na clase, programación e a súa propia motivación.

Trimestralmente a profesora cubrirá unha serie de indicadores de logro que comprenderán preguntas sobre: os materiais utilizados (se son atractivos para o alumnado, se son asumibles, suficientes...); a planificación: os obxectivos están ben definidos, o tempo, nivel de dificultade, interese do alumnado, se o temario é significativo para a aprendizaxe...; a motivación do alumnado: desenvolven habilidades persoais, se implican na clase, se automotivan...; e outras: o tratamento dos temas transversais, o uso de TIC...

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación realizarase durante as primeiras semanas do curso, o equipo docente procurará información provinte de: informes individualizados de avaliación, discapacidade ou necesidades educativas específicas; estudos académicos ou experiencia profesional previa; e observación durante as primeiras horas de clase.

Para o presente curso 2022/2023, os alumnos que integran o 1º curso do CM de Actividades Comerciais forman un grupo de 30 alumnos e alumnas con idades entre os 17 e os 25 anos.. Todos manifestan unha gran motivación por estes estudos e teñen en xeral ganas de acceder rapidamente ao mundo laboral; aínda que unha pequena parte pensa cursar estudos de ciclo superior.

Para analizar estes factores, nas primeiras sesións, realizarase un cuestionario inicial co obxectivo de coñecer os recursos e competencias informáticas e lingüísticas do alumnado, os seus hobbies, as perspectivas que teñen do curso e do módulo, e as expectativas de futuro. As respostas serán confidenciais aínda que se ofrecerá a posibilidade de compartir a información que cada un desexe co fin de xerar confianza e seguridade dentro do grupo - aula. A profesora adecuará a programación prevista as respostas obtidas e compartirá co resto do equipo docente, así como co Departamento de Orientación, a información relevante a efectos do proceso individualizado de ensinanza e aprendizaxe co fin de traballar de maneira coordinada e efectiva.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que o profesor observe que algún alumno non acade os obxectivos da programación, deberá ter unha atención personalizada na aula, co fin de conseguir unha mellora no seu traballo e nos seus coñecementos do módulo. Dentro da atención personalizada tomaranse medidas como: establecemento de tarefas de reforzo adaptadas a estes alumnos; realización de actividades en grupo, etc

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Neste módulo traballarase nos seguintes ámbitos.

1. Educación para a igualdade efectiva entre homes e mulleres e loita contra a discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou ético, discapacidade, idade, relixión ou outra condición ou circunstancia persoal ou social. Trátase de maneira transversal durante todo o módulo aludindo a protección específica de colectivos tradicionalmente vulnerables en materia de Prevención de Riscos Laborais, a esixencia de

condicións que permitan a conciliación laboral, persoal e familiar e o acceso en igualdade a empregos de calidade.

2. Educación para o traballo en equipo, o respecto e a resolución pacífica de conflitos. Ademais da unidade específica (6), traballaranse ferramentas en todas as tarefas que requiran participación promovendo a escoita activa, a empatía e a asertividade.
3. Educación para a saúde persoal, social e ambiental. Incluíndo a súa tripla vertente: compromiso e responsabilidade co benestar físico, psicolóxico, social e de protección do medio no que vivimos.
4. Educación para unha cidadanía activa, crítica, responsable, emprendedora e con competencias dixitais. A adaptación aos cambios, a actualización constante ou a formación para toda a vida obríganos a aproveitar o módulo para a comprensión dun mundo en constante cambio cunha actitude crítica e responsable.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizarase algunha saída educativa para visitar unha empresa que será determinada polo departamento.
Asistirán a calquera charla ou conferencia que se programe no centro e que estea relacionada coa materia do ciclo.

10. Outros apartados

10.1) METODOLOXÍA

O alumnado de formación profesional presenta unhas características que o fan único. Este alumnado precisa coñecementos pero tamén habilidades e aptitudes que lle permitan ter éxito no mundo laboral. Unha das metas da formación profesional é fomentar no alumnado a capacidade de aprender por si mesmo co fin de que os contidos apreñidos sexan funcionais e poidan ser utilizados diariamente no seu futuro. Nun entorno cheo de estímulos, a metodoloxía utilizada na aula ten como principal obxectivo captar a atención do alumnado e motivalo; conseguir que a súa aprendizaxe sexa activa sen esquecer que as persoas aprendemos de forma distinta e adquirimos estilos de aprendizaxe tamén diferentes e a distintos ritmos. Por todo isto, a metodoloxía didáctica proposta basearase na figura da profesora como mediadora, guía e orientadora dun alumnado que será responsable da súa propia aprendizaxe.

Traballaranse os contidos da clase adaptados aos seus intereses e hobbies e orientarase ao alumnado para que poida extrapolar todo o aprendido ao seu proxecto de plan de empresa.

Tratarase de preparar ao alumnado de cara o uso das TIC. A profesora introducirá na metodoloxía didáctica o uso de redes sociais, programas informáticos, aplicacións online e móbiles, etc. e fomentará o seu uso na realización de tódalas actividades propostas.

O módulo desenvolverase a través da aula virtual propia do centro. Tamén se contará coa plataforma Webex no caso de que sexa necesario impartir clases virtuais por motivos do COVID ou outros.

O uso das TIC será un factor fundamental para conseguir a cooperación do alumnado. Unha gran parte das dinámicas propostas en clase apoiaranse na tecnoloxía a través de plataformas como Kahoot ou Educaplay. Isto permitirá motivar o alumnado e captar a súa atención con propostas dinámicas e de gamificación.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM01	Actividades comerciais	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1233	Aplicacións informáticas para o comercio	2023/2024	5	133	159
MP1233_12	Aplicacións informáticas de propósito xeral	2023/2024	5	50	60
MP1233_22	Aplicacións informáticas habituais no comercio	2023/2024	5	83	99

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA LAGOA RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo do ciclo formativo de Actividades Comerciais establécese no Decreto 49/2016, do 7 de abril, ao que corresponde a título de técnico en Actividades Comerciais.

O devandito currículo desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dunha serie de obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo así como os obxectivos propios de cada módulo profesional.

Convén deternos na relación entre os obxectivos xerais do ciclo, en diálogo constante co ámbito produtivo ao que se incorporará o alumnado, e os obxectivos específicos deste módulo, que o poderán orientar dun determinado modo na súa futura incorporación ao ámbito produtivo do comercio. Así, como sinala o decreto mencionado, entre as habilidades determinantes que brinda o ciclo, ás relacionadas coas novas tecnoloxías de venda e comunicación, a través da rede e doutros sistemas de comunicación resultan cruciais.

E é que a actualización nas novas tecnoloxías da información, resulta imprescindible como medio de comunicación entre a empresa comercial e a súa entorna. E é aquí, onde podemos encadrar a razón de ser do presente módulo formativo *¿Aplicacións Informáticas para o Comercio¿* como un esforzo para esa consecución de habilidades no ámbito das TIC, e, aínda un paso máis alá, formándose en novas tecnoloxías e a súa aplicación práctica no mundo empresarial.

Así, o currículo, e en especial a programación deste módulo estarán orientadas a fomentar a relación das empresas comerciais co mundo das novas tecnoloxías. Tanto porque o alumnado será no futuro, moi probablemente, empregado das empresas comerciais da contorna, ou porque eles mesmos decidan emprender no ámbito comercial da comarca.

O centro educativo, IES Luis Seoane está situado no concello de Pontevedra, no barrio de Monteporreiro, no extrarradio da vila de Pontevedra, aproximadamente a 4 km do centro urbán. Entre as principais actividades económicas desta vila, como xa adiantamos, se atopa a comercio e a hostalaría.

Así, o ciclo formará traballadores e traballadoras que poderán desenvolver a súa actividade en calquera sector produtivo dentro da área da comercialización. Polo que dentro da comarca na que nos situamos, estas estarán dirixíndoa principalmente ao sector do comercio e servizos en xeral.

Dentro das empresas o noso alumnado estará formado para traballar tanto na realizando de actividades relacionadas coa venda dos produtos coma na organización e xestión do comercio.

O currículo deste módulo estará orientado a ambos frontes, tanto polo papel das habilidades creativas e de marketing (realización de materiais publicitarios) como polo papel relevante das competencias en xestión (a través de follas de cálculo, bases de datos, etc.).

Así, en concluindo poderíamos dicir que principalmente o perfil profesional que se esbozará mediante este ciclo e sobre todo centrándonos no noso módulo será o de traballadoras e traballadores por conta propia que xestionan un pequeno comercio ou por conta allea que exercen a súa actividade nos de-partamentos ou nas seccións de comercialización de calquera empresa ou organización especialmente capacitados para sacarlle o máximo partido ás novas tecnoloxías. Atendendo ao sector produtivo es-pecífico poderán desenvolverse nos seguintes subsectores:

- En establecementos comerciais pequenos, medianos ou grandes, traballando por conta allea en diferentes seccións comerciais.

Na comercialización de produtos e servizos por conta propia e allea, fóra do establecemento comercial.

- No departamento comercial de pequenas e medianas empresas (PME) e empresas industriais.

- No departamento de atención á clientela e ás persoas consumidoras e usuarias de organismos públicos.

- En empresas industriais e comerciais grandes e medianas.

- No sector do comercio polo miúdo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe		Resultados de aprendizaxe			
					123312		123322			
					RA1	RA2	RA1	RA2	RA3	RA4
1	Sistemas informáticos.	Identificar os componentes físicos dun ordenador. Coñecer o funcionamento e características dos equipos informáticos para o comercio. Manexo dun sistema operativo baseado no uso de fiestras. Xestionar arquivos informáticos mediante un sistema operativo.	30	15	X	X				
2	Redes informáticas.	Identificar os compoñentes que fan funcionar unha rede. Configurar os distintos sistemas de conexión. Utilizar os programas navegadores para moverse pola rede.	30	15	X	X				
3	Procesadores de texto	Xestionar o entorno de traballo e as funcións dun procesador de texto. Realizar edición de escritos informativos e publicitarios. Maquetar documentos con texto e imaxes.	26	20				X		
4	Deseño gráfico.	Confeccionar materiais informativos e publicitarios, utilizando técnicas de deseño gráfico.	26	20			X	X		
5	Folla de calculo.	Realizar cálculos matemáticos con folla de cálculo e tratamento de datos con xestores de bases de datos, utilizando programas para a automatización das actividades comerciais.	26	20					X	
6	Administración telemática e facturación electrónica.	Realiza a facturación electrónica e outras tarefas administrativas, de xeito telemático, utilizando en cada caso o software específico.	21	10						X
Total:			159							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Sistemas informáticos.	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Manexa a nivel de usuario/a sistemas informáticos empregados habitualmente no comercio, utilizando o hardware e o software máis común	NO
RA2 - Utiliza a rede internet e os servizos que a compoñen, manexando programas de navegación, correo electrónico e transferencia de ficheiros, entre outros	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Funcionamento dun computador persoal. Compoñentes e pezas. 1.2 Impresora, escáner e tipos de lectores de documentos de facturación.	1	Elementos de hardware.	15,0
2.1 Sistema operativo de xestión de fiestras. 2.2 Traballo con cartafoles e ficheiros comprimidos. 2.3 Virus informáticos e software antivirus. 2.4 Copia de seguridades dos datos e restauración.	2	Elementos de software.	15,0
TOTAL			30

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Examináronse os compoñentes físicos dun computador	● PE.1 - Funcionamento dun computador persoal. Compoñentes e pezas.	S	15
CA1.2 Consideráronse as características e o funcionamento dos equipamentos informáticos e electrónicos específicos para o comercio	● PE.2 - Impresora, escáner e tipos de lectores de documentos de facturación.	S	15
CA1.7 Realizáronse operacións rutinarias de mantemento dos equipamentos	● PE.3 - Funcionamento e configuración dunha rede doméstica: con cables e sen eles.	N	10
CA1.8 Descargáronse e utilizáronse aplicacións de visualización e impresión de datos	● LC.1 - Compartición de ficheiros e impresoras.	S	20
CA2.4 Realizáronse procuras selectivas de información mediante aplicacións específicas e buscadores especializados por temas	● LC.2 - Concepto e uso de intranets e internet	S	20
CA2.5 Utilizouse o correo electrónico directamente desde a web	● LC.3 - Correo electrónico. Grupos de noticias.	S	15
CA2.8 Implantáronse medidas de seguridade para protexer os equipamentos de intrusionés externas	● LC.4 - Seguridade. Zonas e niveis de seguridades.	N	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Funcionamento dun computador persoal. Compoñentes e pezas.</p> <p>OVirus informáticos e software antivirus.</p> <p>Copia de seguridade dos datos e restauración.</p> <p>Software específico de compresión e descompresión de ficheiros.</p> <p>Formato PDF.</p> <p>Impresora, escáner e tipos de lectores de documentos de facturación.</p> <p>Compartición de ficheiros e impresoras.</p> <p>Seguridade sen fíos.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elementos de hardware. - Concepto de hardware. Periféricos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos compoñentes físicos dun computador. Explicación do funcionamento e características dos equipamentos informáticos e electrónicos específicos para o comercio. 	<ul style="list-style-type: none"> Examináronse os compoñentes físicos dun computador. Consideráronse as características e o funcionamento dos equipamentos informáticos e electrónicos específicos para o comercio. 	<ul style="list-style-type: none"> Manexo da maquinaria e os programas habituais no comercio. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Compartición de ficheiros e impresoras. PE.1 - Funcionamento dun computador persoal. Compoñentes e pezas. PE.2 - Impresora, escáner e tipos de lectores de documentos de facturación. PE.3 - Funcionamento e configuración dunha rede doméstica: con cables e sen eles. 	15,0
Elementos de software. - Software de sistema.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do Manexo dun sistema operativo baseado no uso de fiestras. Xestionar os ficheiros de información mediante sistemas operativos. Explicación da xestión dunha rede doméstica. 	<ul style="list-style-type: none"> Creación de ficheiros e cartafoles e asignarlle distintos modos de compartilos en rede. Uso de distintos sistemas operativos. Procurar, arquivar e saber manter a confidencialidade dos datos. Utilización do correo electrónico. 	<ul style="list-style-type: none"> Compartir total ou parcialmente ficheiros e cartafoles con e sin contrasinal. Manexo das ventás e cadros de diálogo dos sistemas operativos. Imprimir. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos dotados de distintos sistemas operativos conectados en rede. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Concepto e uso de intranets e internets LC.3 - Correo electrónico. Grupos de noticias. LC.4 - Seguridade. Zonas e niveis de seguridades. 	15,0
TOTAL						30,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Redes informáticas.	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Manexa a nivel de usuario/a sistemas informáticos empregados habitualmente no comercio, utilizando o hardware e o software máis común	NO
RA2 - Utiliza a rede internet e os servizos que a compoñen, manexando programas de navegación, correo electrónico e transferencia de ficheiros, entre outros	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os conceptos esenciais de funcionamento e uso da rede e as características propias. 1.2 Avaliar e configurar os sistemas de conexión a rede.	1	Redes de área local.	10,0
2.1 Utilizar a rede internet, manexando programas de navegación. 2.2 Diferenciar entre buscadores e navegadores.	2	Internet	10,0
3.1 Utilizar o correo electrónico directamente desde a web. 3.2 Empregáronse programas de cliente de correo electrónico para xestionar o envío e a recepción de mensaxes. 3.3 Implantáronse medidas de seguridade para protexer os equipamentos de intrusionés externas.	3	Correo electrónico.	10,0
TOTAL			30

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Manexouse un sistema operativo baseado no uso de fiestras	• LC.1 - Sistema Operativo de xestión de fiestras (Windows).	S	15
CA1.4 Xestionáronse os ficheiros de información mediante sistemas operativos	• LC.2 - Traballo con ficheiros e cartafoles.	S	15
CA1.5 Configurouse unha rede doméstica	• LC.3 - Funcionamento e configuración dunha rede doméstica: con cables e sen eles.	S	5
CA1.6 Protexéronse os equipamentos de virus, correo lixo e outros elementos indesexables	• LC.4 - Virus informáticos e software antivirus.	S	5
CA2.1 Identifícanse os conceptos esenciais de funcionamento e uso da rede e as características propias das intranets e as extranets	• PE.1 - Funcionamento dun computador persoal. Compñentes e pezas.	S	20
CA2.2 Avaliáronse e configuráronse os sistemas de conexión á rede	• LC.5 - Administración da rede.	S	10
CA2.3 Utilizáronse os principais programas navegadores para se mover pola rede	• PE.2 - Internet ae buscadores.	S	10
CA2.6 Empregáronse programas de cliente de correo electrónico para xestionar o envío e a recepción de mensaxes	• LC.6 - Compartición de datos e restauración.	N	10

Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Identifícase o protocolo de rede para a transferencia de ficheiros (FTP) desde un equipamento cliente a un servidor	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Traballo con cartafoles e ficheiros comprimidos. 	S	10
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Sistema operativo de xestión de fiestras (Windows).</p> <p>Traballo con ficheiros e cartafoles.</p> <p>Traballo con cartafoles e ficheiros comprimidos.</p> <p>Funcionamento e configuración dunha rede doméstica: con cables e sen eles.</p> <p>Administración da rede.</p> <p>Introdución a internet.</p> <p>Seguridade. Zonas e niveis de seguridade.</p> <p>Bloqueador de fiestras emerxentes.</p> <p>Filtro de suplantación de identidade (phishing).</p> <p>Privacidade.</p> <p>Concepto e uso de intranets e extranets: similitudes e diferenzas.</p> <p>Conexión a internet. Protocolo TCP/IP.</p> <p>A web. Navegación web utilizando os navegadores.</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>Grupos de noticias.</p> <p>Transferencia e xestión remota de ficheiros (FTP).</p> <p>Procura en internet: buscadores, directorios ou índices temáticos, e motores de procura.</p> <p>Correo electrónico: configuración dunha conta de correo electrónico e correo web fronte a correo POP.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
O alumnado terá dereito a unha proba de recuperación final no mes de xuño no caso de ter algunha avaliación suspensa ao longo do curso. Esta proba combinará parte teórica e práctica e a nota mínima para ser declarado apto, é de cinco (5).

Cada avaliación recupérase independentemente, é dicir, o alumnado deberá facer un exame por cada avaliación que deba recuperar. Este exame poderá incluír contidos traballados tanto nos temas como nas tarefas das correspondentes avaliacións. É necesario obter una puntuación igual ou superior a 5 para recuperar cada avaliación e facer a media para o cálculo da nota final.

MÓDULOS PENDENTES

O alumnado co módulo pendente do primeiro curso e que houberen pasado a segundo curso, así como os pendentes deste módulo para a finalización do Ciclo Formativo, deberán superar os exámes establecidos ao efecto nas datas indicadas polo Departamento.

Co obxecto de facilitar o acceso ao aprendizaxe do alumnado e atendendo a súa traxectoria educativa, se lle poderá posibilitar un plan personalizado de actividades de recuperación.

Os exámes ou as probas a realizar para a superación da materia, versarán sobre os contidos mínimos establecidos na programación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No caso de perda da avaliación continua por faltas de asistencia (en relación co RRI do CIFP e en relación á carga horario deste módulo enténdese que a perda do dereito á avaliación continua chega ao superar o 10% do total de horas da materia) o sistema de avaliación deste alumnado será o aplicado co resto do alumnos durante todo o curso, pero coas seguintes peculiaridades:

- Realizarase unha proba escrita ao final do curso de contido teórico-práctico cun peso do 100% na nota final.
- Este exame poderá incluír contidos traballados tanto nos temas como nas tarefas das correspondentes avaliacións.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación docente realizarase a título individual semanalmente, cotexando as actividades previstas na programación coa marcha cotiá das clases. Mensualmente comprobarase se se cumpren os prazos establecidos. De non ser así, revisaranse as oportunas programacións de aula introducindo os cambios necesarios. Esta situación sinalarase nas reunións do departamento de FOL, de modo que estas modificacións aparezan reflectidas nas correspondentes actas do departamento.

Na memoria de fin de curso incluíranse todas estas modificacións, así como a valoración que o departamento faga sobre a idoneidade da metodoloxía empregada así como dos materias curriculares e didácticos.

A práctica docente avaliarase a través dun cuestionario que cumprimentarán os alumnos e alumnas, de forma anónima, ao finalizar o curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso a profesora facilitará ao alumnado un cuestionario sobre aspectos xerais relacionados co módulo.

Trátase de avaliar os coñecementos previos que os alumnos posúen sobre a materia obxecto de estudo. Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención a participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar. As conclusións acadadas sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado. Por isto, concíbese de forma aberta e flexible posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Co obxectivo de conseguilo, as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como ao fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais. Por outra banda colaborarase co departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas dos alumnos así como nas pautas de actuación a seguir se se dera o caso.

No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular. En todo caso, a cualificación do alumno realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados cos resultados de aprendizaxe que permitan o logro da competencia xeral característica do Título. Deste xeito, calquera adaptación do currículo en función das necesidades educativas do alumnado estará dirixida, non aos elementos prescriptivos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) senón á modificación doutros aspectos que poden mellorar o rendemento destes alumnos, como o respecto aos ritmos de aprendizaxe, á selección de distintos materiais, actividades variadas, propostas de avaliación diferentes, adecuación dos tempos e dos espazos, etc.

En calquera caso e dende o primeiro momento, a través da avaliación inicial e coa colaboración do seminario de Orientación, este departamento traballará coa finalidade de identificar de xeito adecuado o nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno. O obxectivo será poder detectar posibles carencias ou dificultades que se poidan presentar no seguimento, por parte do alumnado, da programación do módulo correspondente. As medidas de reforzo educativo pasarán (ademais dos reforzos que se poidan ofrecer no transcurso normal das clases) polo asesoramento extra ao alumnado con dificultades, nas horas de titoría, e co suministro de material educativo complementario (apuntamentos, exercicios...etc) eminentemente de carácter práctico.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O módulo de Formación e Orientación Laboral ten unha especial relevancia no tratamento destes temas. Trataranse a diario espontaneamente, de

maneira que impregnarán a actividade cotiá na aula. Así en todas as actividades e na medida que sexa posible en cada unha, fomentárase a igualdade, a saúde, a educación moral e cívica, a educación para o consumidor, a educación ambiental, a ecoloxía, a paz, evítanse as actitudes, comentarios ou comportamentos racistas ou discriminatorios de tipo sexistas ou violentos no comportamento diario tanto dentro como fora da aula. En concreto, nestes temas cobrará especial relevancia:

- Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral, xa prevista nos contidos da programación didáctica, pola súa importancia no futuro desenvolvemento profesional do alumnado. O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral. Neste mesmo bloque de contidos tentarase inculcar a importancia de garantir a hixiene e a saúde no traballo, pero non só a nivel persoal, se non tamén a nivel ambiental.
- Educación multicultural: A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas. Os obxectivos serán espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.
- Educación do consumidor: O obxectivo é crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación para a igualdade: Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia e trascendencia que este asunto ten no mundo da empresa. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario, ao formar parte dos criterios de avaliación que fan parte da programación didáctica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O noso alumnado participará nas seguintes actividades: en actividades complementarias e extraescolares xerais organizadas polo centro e específicas do departamento de FOL.

- Seminario sobre técnicas de Primeros auxilios e actuacións en caso de emerxencia impartido por Cruz Vermella.
- Charla de Hixiene postural aplicada ao posto de traballo impartida por un fisioterapeuta.
- Cantas charlas, visitas e actividades complementarias acorde como de utilidade o departamento, co consentimento da directiva do centro.
- Cantas actividades desenvolva o departamento en coordinación cos restantes departamentos.

10. Outros apartados

10.1) O alumnado é informado do contido desta programación ao inicio do curso, e indícaselle que queda a súa disposición nos lugares establecidos pola dirección do centro.

O alumnado é informado do contido desta programación ao inicio do curso, e indícaselle que queda a súa disposición nos lugares establecidos pola dirección do centro.

10.2) Metodoloxía na ensinanza a distancia

O módulo disporá dun curso aberto na aula virtual do centro. Esta aula será a vía principal para a ensinanza telemática e será a vía de comunicación co alumnado.

METODOLOXÍA QUE SE EMPREGARÁ NO SUPOSTO DUN CONFINAMIENTO ACORDADO POLAS AUTORIDADES COMPETENTES:

No caso de que por causa do coronavirus ou outros motivos houbera que optar por unha modalidade completamente a distancia, isto é, sen que poidan impartirse as tutorías presenciais colectivas, intentarase que o alumnado poida seguir o ritmo normal desas tutorías a través da plataforma que habilite a Consellería de Educación (WEBEX ou FALEMOS EDU). Da mesma forma, prestaríase unha especial atención a aqueles alumnos con maiores problemas de aprendizaxe, facendo con eles un seguimento específico a través de titorías individualizadas.

METODOLOXÍA QUE SE EMPREGARÁ NO SUPOSTO DUN ENSINO A DISTANCIA:

No caso de que por causa do coronavirus houbera que optar por unha modalidade completamente a distancia, seguiranse as indicacións que marque a administración educativa. En todo caso, intentarase que o alumnado que se vexa afectado por esa medida poida seguir o ritmo normal das clases, que serían impartidas igualmente a través da plataforma que habilite a Consellería de Educación (WEBEX ou FALEMOS EDU) e a través da aula virtual do centro, tanto para contidos, como para a realización e corrección de tarefas. Tamén utilizarase o correo electrónico como canle de comunicación co alumnado. Da mesma forma, prestaríase unha especial atención a aqueles alumnos con maiores problemas de aprendizaxe, facendo con eles un seguimento específico a través de titorías individualizadas a distancia.

No caso do alumnado que presente problemas de conexión que lle impida seguir o desenvolvemento normal das clases, este deberá comunicalo de inmediato ao seu profesor para que se poidan tomar as medidas oportunas e buscar canles alternativos que permitan a continuación da súa aprendizaxe.

En todo caso, fomentárase o traballo autónomo do alumnado a través da aula virtual, que se convertirá na canle de comunicación habitual entre o alumnado e o profesor.

METODOLOXÍA QUE SE EMPREGARÁ NO SUPOSTO DUN ENSINO SEMIPRESENCIAL:

No caso de que por causa do coronavirus houbera que optar por unha modalidade semipresencial, seguiranse as indicacións que marque a administración educativa. En todo caso, intentarase que o alumnado que se vexa afectado por esa medida poida seguir o ritmo normal das clases a través da cámara instalada na aula e ademais, poderían ser impartidas igualmente a través da plataforma que habilite a Consellería de Educación (WEBEX ou FALEMOS EDU) e tamén utilizarase, como na modalidade presencial, a aula virtual do centro. Da mesma forma, prestaríase unha especial atención a aqueles alumnos con maiores problemas de aprendizaxe, facendo con eles un seguimento específico a través de titorías individualizadas.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS:

1ª AVALIACIÓN: Unidades didácticas 1 a 5.

2ª AVALIACIÓN: Unidades didácticas 6 a 9.

3ª AVALIACIÓN: Unidades didácticas 10 a 12.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM01	Actividades comerciais	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1228	Técnicas de almacén	2023/2024	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BEATRIZ SAA HERMIDA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O entorno produtivo de Pontevedra e comarca está baseado en PEMES e no sector servizos fundamentalmente, empresas nas que se realizan todo tipo de funcións, polo que demandan profesionais cunha formación ampla que contemple todos os ámbitos funcionais da empresa. Neste senso, esta programación adecúase a estas necesidades do entorno produtivo e permite formar un comercial con amplos coñecementos.

A competencia xeral do título de técnico en Actividades Comerciais consiste en desenvolver actividades de distribución e comercialización de bens e/ou servizos, e en xestionar un pequeno establecemento comercial, aplicando as normas de calidade e seguridade establecidas e respectando a lexislación.

As persoas que obteñan o título de técnico en Actividades Comerciais exercerán a súa actividade en calquera sector produtivo dentro da área de comercialización ou nas seccións de establecementos comerciais, realizando actividades de venda de produtos e/ou servizos a través de diversas canles de comercialización, ou ben realizando funcións de organización e xestión do seu propio comercio.

Trátase de traballadores e traballadoras por conta propia que xestionan un pequeno comercio ou unha tenda tradicional, ou por conta allea que exercen a súa actividade nos departamentos ou nas seccións de comercialización de calquera empresa ou organización, en diversos subsectores:

- En establecementos comerciais pequenos, medianos ou grandes, traballando por conta allea en diferentes seccións comerciais.
- Na comercialización de produtos e servizos por conta propia e allea, fóra do establecemento comercial.
- No departamento comercial de pequenas e medianas empresas (PME) e empresas industriais.
- No departamento de atención á clientela e ás persoas consumidoras e usuarias de organismos públicos.
- En empresas industriais e comerciais grandes e medianas.
- No sector do comercio polo miúdo.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Vendedor/ora.
- Vendedor/ora técnico/a.
- Representante comercial.
- Orientador/ora comercial.
- Promotor/ora.
- Televendedor/ora.
- Vendedor/ora a distancia.
- Teleoperador/ora (en "call centers").
- Axente de información e atención á clientela.
- Caixeiro/a ou repoñedor/ora.
- Operador/ora de "contact centers".
- Administrador/ora de contidos en liña.
- Comerciante de tenda.
- Xerente de pequeno comercio.
- Técnico/a en xestión de existencias e almacén.
- Xefe/a de almacén.
- Responsable de recepción de mercadorías.
- Responsable de expedición de mercadorías.
- Técnico/a en loxística de almacéns.
- Técnico/a de información e atención á clientela en empresas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe							
					122800							
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6	RA7	
1	A LOXÍSTICA E O ALMACÉN	Determinar as tarefas que se teñen que levar a cabo no almacén, optimizando os medios dispoñibles.	30	10	X							
2	RECEPCIÓN E DISPOSICIÓN DAS MERCADORÍAS	Coñecer as técnicas para recepción da mercancía no almacén e como proceder a súa conservación atendendo as características das mercadorías.	25	15		X						
3	MANIPULACIÓN DAS MERCANCÍAS	Coñecer como se debe preparar un pedido e como proceder a súa expedición, considerando o medio de transporte a empregar.	22	20			X					
4	XESTIÓN DE STOCKS	Saber as formas que existen para levar a xestión das existencias do almacén, e como elaborar inventarios.	28	25				X				
5	O PERSOAL DO ALMACÉN	Coñecer as tarefas a desenvolver por cada posto de traballo no almacén para poder realizar as actividades diarias no mesmo.	12	15					X			
6	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS NO ALMACÉN	Utilizar unha aplicación informática de xestión do almacén que permita controlar as existencias e mellorar o rendemento do almacén.	20	10						X		
7	NORMATIVA DE SEGURIDADE E HIXIENE	Saber as normas que regulan a seguridade e hixiene das actividades que se desenvolgan no almacén.	10	5								X
Total:			147									

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A LOXÍSTICA E O ALMACÉN	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica as tarefas diarias necesarias para realizar as operacións e os fluxos de mercadorías do almacén, aproveitando optimamente os recursos dispoñibles	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as funcións e obxectivos da loxística en empresas industriais, comerciais e de servizos. 1.2 Coñecer as actividades que se desenrolan nos almacéns, dependendo da actividade principal da empresa. 1.3 Saber as funcións que cumple cada tipo de almacén e cal ten que ser a súa localización xeográfica para minimizar os custos de almacenaxe e transporte.	1	Loxística e planificación do almacén.	9,0
2.1 Coñecer as clases de mercadorías que se poden almacenar. 2.2 Saber que medios i equipos que se utilizan para a almacenaxe e manipulación de produtos ou cargas e as funcións de cada un, para reducir tempos e custos. 2.3 Saber calcular os estantes que precisamos instalar, en función dos medios e da cantidade de mercancia que necesitamos almacenar. 2.4 Coñecer os recursos humanos que son necesarios no almacén e as funcións que desenrolan.	2	Deseño do almacén i equipos de almacenamento.	11,0
3.1 Coñecer os tipos de etiquetas e codificación de mercadorías e unidades de carga para a súa almacenaxe e transporte. 3.2 Coñecer as diferentes simboloxías que se empregan nas etiquetas dos produtos e das unidades de carga.	3	Etiquetado e codificación de mercadorías.	6,0
4.1 Comprobar os coñecementos sobre as funcións e obxectivos da loxística, o deseño do almacén i os equipos de almacenamento empregados, así como a codificación de mercadorías.x	4	Actividade de avaliación global.	4,0
TOTAL			30

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Organizouse a información das operacións e os fluxos previstos no almacén durante un determinado período de tempo	● PE.1 - Exame no que se organicen operacións e fluxos	S	20
CA1.2 Asignáronse ao persoal as tarefas diarias do almacén de acordo cos tempos asignados a cada actividade	● PE.2 - Exame no que se teñan que asignar tarefas ao persoal	S	20
CA1.3 Transmitíronse correctamente ao persoal correspondente as ordes e/ou instrucións de traballo	● TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas diferentes ordes ou instrucións de traballo do persoal do almacén.	S	10
CA1.4 Rexistráronse as entradas e saídas de mercadorías previstas do almacén no sistema de xestión de existencias	● TO.2 - Aplícase sobre o portfolio dos rexistros de entradas e saídas de mercadorías no almacén.	S	20

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Realízouse o control diario das existencias do almacén, de xeito que se garantan as necesidades da clientela interna ou externa	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Aplícase sobre o portfolio dos rexistros de existencias, comprobando se as existencias son suficientes para atender a demanda prevista. 	S	25
CA1.6 Utilizáronse medios de comunicación e transmisión electrónicos (EDI) para a coordinación e o seguimento de mercadorías no almacén	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Informe sobre os sistemas de transmisión electrónica de datos referentes as operacións do almacén. 	N	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Loxística na empresa: concepto, obxectivos e actividades que abrangue.</p> <p>Unidades de almacenaxe: concepto, calidades e tipos (palés e contedores).</p> <p>Sistemas de seguimento de mercadorías: codificación, lectores, radiofrecuencia e recoñecemento de voz.</p> <p>Equipamentos de manipulación e almacenamento.</p> <p>Almacén: concepto e tipos, atendendo a diversos criterios.</p> <p>Plataformas loxísticas.</p> <p>Operacións dun almacén.</p> <p>Deseño de almacéns.</p> <p>Recursos humanos no almacén.</p> <p>Clases de mercadorías almacenadas.</p> <p>Codificación de mercadorías.</p> <p>Sistemas de almacenaxe.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Loxística e planificación do almacén. - Saber as funcións e obxectivos da loxística nas distintas empresas, coñecer as funcións que cumpre cada tipo de almacén na rede loxística e saber as actividades que se realizan nos almacéns.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar cales son as actividades que se desenrolan nos almacéns, dependendo da actividade principal da empresa. Explicar as funcións que cumpre cada tipo de almacén e cal ten que ser a súa localización xeográfica para minimizar os custes de almacenaxe e transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as funcións e obxectivos da loxística en empresas industriais, comerciais e de servizos. Elaborar esquemas e informes que describan os obxectivos da loxística en diferentes tipos de empresas e as actividades que se desenrolan no almacén, así como as funcións que cumpre cada tipo de almacén nunha rede loxística. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquemas e informes dos obxectivos da loxística, as actividades que se desenrolan nun almacén, e as funcións dos distintos tipos de almacén nunha rede loxística. 	<ul style="list-style-type: none"> Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. Libro de texto e apuntamentos. Equipo informático con aplicacións para a busca de información na rede e para a elaboración de informes i esquemas. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Exame no que se organicen operacións e fluxos TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas diferentes ordes ou instrucións de traballo do persoal do almacén. 	9,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Deseño do almacén i equipos de almacenamento. - Saber como se pode organizar o almacén e os medios de manipulación que se poden empregar nesese deseños.	<ul style="list-style-type: none"> • Describir as operacións e os fluxos previstos no almacén durante un determinado período de tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Describir as tarefas diarias que ten realizar o persoal no almacén de acordo cos tempos asignados a cada actividade, e tamén como se teñen que transmitir as ordes de traballo. • Realizar esquemas das operacións e fluxos de mercadorías que se levan a cabo no almacén. • Realizar informes das tarefas que ten que realizar o persoal do almacén e como se lle transmiten as ordes de traballo. • Explicar como se rexistran as entradas e saídas de mercadorías previstas do almacén no sistema de xestión de existencias. • Elaborar fichas de rexistro de entradas e saídas de mercadorías do almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> • Saber as operacións, tarefas que teñen que realizar os operarios e como se rexistran as entradas e saídas de mercadorías, nun almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto e apuntamentos. • Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. • Equipo informático con aplicacións que permitan o rexistro de entradas e saídas de mercadorías no almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Exame no que se organicen operacións e fluxos • PE.2 - Exame no que se teñan que asignar tarefas ao persoal • TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas diferentes ordes ou instrucións de traballo do persoal do almacén. • TO.2 - Aplícase sobre o portfolio dos rexistros de entradas e saídas de mercadorías no almacén. 	11,0
Etiquetado e codificación de mercadorías. - Saber as clases de etiquetas que se poden empregar no almacén e os tipos de información que conteñen.	<ul style="list-style-type: none"> • Describir os tipos de etiquetas e de codificación de mercadorías e unidades de carga para a súa almacenaxe e transporte. • Explicar as simboloxías que se empregan nas etiquetas dos produtos e das unidades de carga. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar esquemas e informes dos tipos de etiquetas que se empregan na codificación de mercadorías e unidades de carga para a súa almacenaxe e transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer como se etiquetan e codifican as mercadorías e as unidades de carga para a súa almacenaxe e transporte e a simboloxía que se emprega nas mesmas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto e apuntamentos. • Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Informe sobre os sistemas de transmisión electrónica de datos referentes as operacións do almacén. • TO.3 - Aplícase sobre o portfolio dos rexistros de existencias, comprobando se as existencias son suficientes para atender a demanda prevista. 	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade de avaliación global. - Saber os coñecementos asimilados sobre a planificación ds tarefas no almacén os fluxos de mercadorías usando os medios dos que se dispón.		<ul style="list-style-type: none"> Tarefa de avaliación combinada con TO.1, TO.2, TO.3 e OU.2, sobre as operacións e fluxos no almacén, as tarefas do persoal de almacén e o rexistro e control das mercadorías que se manexan. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobar os coñecementos sobre as funcións e obxectivos da loxística, o deseño do almacén i os equipos de almacenamento empregados, así como a codificación de mercadorías. 	<ul style="list-style-type: none"> Papel e bolígrafo. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Informe sobre os sistemas de transmisión electrónica de datos referentes as operacións do almacén. PE.1 - Exame no que se organicen operacións e fluxos PE.2 - Exame no que se teñan que asignar tarefas ao persoal TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas diferentes ordes ou instrucións de traballo do persoal do almacén. TO.2 - Aplícase sobre o portfolio dos rexistros de entradas e saídas de mercadorías no almacén. TO.3 - Aplícase sobre o portfolio dos rexistros de existencias, comprobando se as existencias son suficientes para atender a demanda prevista. 	4,0
TOTAL						30,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	RECEPCIÓN E DISPOSICIÓN DAS MERCADORÍAS	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de recepción e disposición de mercadorías no almacén, controlando os tempos de manipulación e as condicións de almacenamento en función das características da mercadoría	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as diferentes zonas do almacén en función das actividades que nelas se desenrolan.	1	Implantación do edificio e zonas externas. Zonas de carga e descarga.	8,0
2.1 Coñecer o proceso de recepción de mercadorías procedentes de provedores, fabricación ou devolución de clientes. 2.2 Saber rexistrar os produtos ou cargas que entran no almacén, formalizando as follas de recepción. 2.3 Clasificar os produtos polas súas características, tamaños, grao de perigosidade, etc., para colocalos no sitio axeitado do almacén. 2.4 Saber cando e precisa a consolidación e desconsolidación de mercadorías. 2.5 Coñecer como deben ser almacenadas as mercadorías especiais e perigosas.	2	Recepción de mercadorías.	10,0
3.1 Saber as funcións de fabricantes, comerciantes, consumidores e tódolos implicados na loxística inversa de envases, embalaxes e residuos que sexan orixinados pola cadea de suministro.	3	Loxística inversa na cadea de subministro. Nova loxística. Cross Docking.	4,0
4.1 Comprobar os coñecementos adquiridos sobre a zonificación dos almacéns, os procesos de recepción de mercadorías e o que significa a loxística inversa.	4	Actividade de avaliación global.	3,0
TOTAL			25

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Organizouse a descarga das mercadorías dos vehículos, asignándolle o peirao correspondente do almacén	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas previsións de descargae carga de vehículos, en función dos peiraos existentes. 	S	20
CA2.2 Verifícouse a correspondencia entre a mercadoría descargada e a documentación que a acompaña	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Aplícase sobre o portfolio das follas de recepción e rexistro de mercadorías. 	S	15
CA2.3 Investigáronse as causas polas que se devolvera mercadoría ao almacén	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre causas de devolución de mercadorías. 	S	15
CA2.4 Identificáronse as instrucións de descarga e manipulación que conteñen as fichas de cada mercadoría, de xeito que se asegure a súa integridade e a súa rastrexabilidade	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario sobre a maneira de manipular as mercadorías e as zonas do almacén nas que se teñen que depositar atendendo a súas características e clases. 	S	15
CA2.5 Calculáronse os tempos de manipulación das mercadorías, mellorando as operacións e cumprindo a normativa de seguridade e prevención de riscos laborais	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario sobre a determinación da mellor zona do almacén para cada mercadoría que minimize os percorridos a realizar. 	S	10
CA2.6 Organizouse a desconsolidación da carga e a desembalaxe das mercadorías	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Cuestionario sobre as causas que poden orixinar que as cargas teñan que ser desconsolidadas ou desembaladas. 	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Asignéuselle unha colocación axeitada á mercadoría recibida, tendo en conta as súas características de caducidade e rotación, entre outras	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Cuestionario sobre as formas de colocar as mercadorías tendo en conta as súas características de caducidade, rotación, etc. 	S	15
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Peiraos de carga e descarga. Documentos de acompañamento da mercadoría. Loxística inversa. Rastrexabilidade das mercadorías. Consolidación e desconsolidación de mercadorías. Caducidade das mercadorías. Mercadorías especiais. Zonificación de almacéns. Rotación de mercadorías no almacén.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Implantación do edificio e zonas externas. Zonas de carga e descarga. - Saber que zonas poden existir no almacén e as actividades que nelas se desenrolan.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as zonas en que se divide o almacén en función das actividades que nelas se desenrolan. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar informes sobre as zonas en que se divide o almacén, atendendo as características das mercadorías que nelas se almacenan. 	<ul style="list-style-type: none"> Diferenciar as diferentes zonas en que se divide o almacén e as tarefas que nelas se desenrolan. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e apuntamentos. Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. Equipo informático con aplicacións para a elaboración de informes. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Cuestionario sobre as formas de colocar as mercadorías tendo en conta as súas características de caducidade, rotación, etc. TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas previsións de descargae carga de vehículos, en función dos peiraos existentes. 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Recepción de mercadorías. - Saber como recepcionar mercadorías, clasificandoas e localizandoas no almacén.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar o proceso de recepción de mercadorías procedentes de provedores, fabricación ou devolución de clientes; e como clasificalas polas súas características, tamaños, grao de perigosidade, etc., para colocalas no sitio axeitado do almacén. • Explicar como se rexistran os produtos ou cargas que entran no almacén, formalizando as follas de recepción. • Explicar cando e necesario realizar a consolidación e desconsolidación de mercadorías. • Explicar como deben ser almacenadas as mercadorías especiais e perigosas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar esquemas e informes sobre a recepción de mercadorías no almacén, a clasificación das mesmas, e como localizalas nas zonas correspondentes. • Elaborar rexistros de entrada de mercadorías e rechea follos de recepción. • Elaborar informes sobre consolidación e desconsolidación de mercadorías e tamén sobre como se teñen que conservar e asegurar as mercadorías especiais e perigosas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer como recepcionar mercadorías, clasificandoas e localizandoas no almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto e apuntamentos. • Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. • Equipo informático con aplicacións para a busca de información na rede, para a elaboración de informes i esquemas e para elaborar rexistros de entrada e rechea follos de recepción. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - Cuestionario sobre a maneira de manipular mercadorías e as zonas do almacén nas que se teñen que depositar atendendo a súas características e clases. • PE.3 - Cuestionario sobre a determinación da mellor zona do almacén para cada mercadoría que minimize os percorridos a realizar. • PE.4 - Cuestionario sobre as causas que poden orixinar que as cargas teñan que ser desconsolidadas ou desembaladas. • PE.5 - Cuestionario sobre as formas de colocar as mercadorías tendo en conta as súas características de caducidade, rotación, etc. • TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas previsións de descargae carga de vehículos, en función dos peiraos existentes. • TO.2 - Aplícase sobre o portfolio das follas de recepción e rexistro de mercadorías. 	10,0
Loxística inversa na cadea de subministro. Nova loxística. Cross Docking. - Coñecer a loxística inversa da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar que representa a loxística inversa na cadea de subministro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar esquemas sobre as causas de devolución de mercadorías, e tamén dos diferentes envases i embalaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Entender que é a loxística inversa na cadea de subministro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. • Equipo informático con aplicacións para a elaboración de informes. • Libro de texto e apuntamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Cuestionario sobre causas de devolución de mercadorías. 	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade de avaliación global. - Saber os coñecementos que se adquiriron sobre a zonificación dos almacéns, os procesos de recepción de mercadorías e o que significa a loxística inversa.		<ul style="list-style-type: none"> Tarefa de avaliación combinada con PE.1, PE.2, PE.3, PE.4 e PE.5, sobre a maneira de manipular as mercadorías e as zonas do almacén nas que se teñen que depositar atendendo a súas características e minimizando os percorridos a realizar, a consolidación e desconsolidación de cargas, e tamén sobre as causas de devolución de mercadorías. Tarefa de avaliación combinada con TO.1 e TO.2, sobre a planificación da carga e descarga de mercadorías nos peiraos do almacén e as follas de recepción e rexistro de mercadorías. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobar os coñecementos sobre a zonificación dos almacéns, os procesos de recepción de mercadorías e o que significa a loxística inversa. 	<ul style="list-style-type: none"> Papel e bolígrafo. Equipo informático coas correspondentes aplicacións para o rexistro de mercadorías. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre causas de devolución de mercadorías. PE.2 - Cuestionario sobre a maneira de manipular as mercadorías e as zonas do almacén nas que se teñen que depositar atendendo a súas características e clases. PE.3 - Cuestionario sobre a determinación da mellor zona do almacén para cada mercadoría que minimize os percorridos a realizar. PE.4 - Cuestionario sobre as causas que poden orixinar que as cargas teñan que ser desconsolidadas ou desembaladas. PE.5 - Cuestionario sobre as formas de colocar as mercadorías tendo en conta as súas características de caducidade, rotación, etc. TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas previsións de descargae carga de vehículos, en función dos peiraos existentes. TO.2 - Aplícase sobre o portfolio das follas de recepción e rexistro de mercadorías. 	3,0
					TOTAL	25,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	MANIPULACIÓN DAS MERCANCÍAS	22

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina as condicións de preparación de pedidos e a expedición das mercadorías do almacén, aproveitando optimamente tempos e recursos, de acordo coa normativa en materia de manipulación e transporte	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as actividades que se realizan cando se ten que preparar un envío ou expedición, segundo o prazo de entrega solicitado polo cliente, volume de mercadorías, número de referencias, etc. 1.2 Coñecer os sistemas de comunicación e transmisión electrónicos (EDI) para a coordinación e seguimento de mercancías expedidas con transporte multimocadal. 1.3 Saber que materiais se utilizan na elaboración de envases e embalaxes; e tamén como é o proceso de envasado i embalado mais indicado para cada produto. 1.4 Coñecer os tipos de envases-embalaxes e a lexislación que regula os materiais de envases-embalaxes que se poden utilizar para cada tipo de produto; o tratamento e destino dos residuos de envases i embalaxes.	1	Embalaxe i expedición de mercadorías.	10,0
2.1 Sinalización e rotulación do pedido. 2.2 Etiquetaxe. Clases de etiquetas. 2.3 Normativa de sinalización e recomendacións recoñecidas sobre sinalización e rotulación.	2	Sinalización i etiquetaxe de envíos.	2,0
3.1 Analizar os medios de transporte, as súas características, os servizos que ofrecen, e selecciona-lo mais axeitado o tipo de mercadoría e o recorrido. 3.2 Saber coloca-las mercadorías no medio de transporte para optimiza-lo espazo, que os produtos non sufran deterioros no traxecto e a entrega se realice puntualmente. 3.3 Coñecer os servizos que ofrecen os operadores loxísticos, as empresas que desenrolan actividades industriais e subcontratan as operacións relacionadas co transporte, almacenaxe e distribución. 3.4 Saber calcula-los custes de transporte utilizando medios propios ou contratando os servizos de operadores loxísticos.	3	Transporte e entrega de mercadorías.	8,0
4.1 Comprobar os coñecementos sobre a preparación de pedidos e a expedición de mercadorías no almacén, de acordo coa normativa de manipulación e transporte.	4	Actividade de avaliación global.	2,0
TOTAL			22

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Transmitíronse as instrucións de preparación de pedidos polo sistema de xestión implantado	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas ordes de extracción e de preparación de pedidos, atendendo o sistema de picking elixido. 	S	5
CA3.2 Optimizouse a colocación de mercadorías nas unidades de carga, reducindo ocos e asegurando a súa estiba	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre as maneiras de optimizala carga en paletas e coletes. 	S	15

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.3 Determinouse o método de preparación de pedidos e/ou embalaxe máis axeitado para as características da mercadoría e do almacén	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Informe sobre os materiais empregados para a elaboración de envases i embalaxes, atendendo as características dos produtos a envasar ou embalar, e os medios de transporte a empregar. 	S	10
CA3.4 Deseñouse o sistema de abastecemento de mercadorías á zona de preparación de pedidos, mellorando as operacións necesarias	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario sobre os sistemas de abastecemento de mercadorías e as maneiras de levar a cabo o picking no almacén. 	S	15
CA3.5 Realizouse a sinalización, a rotulación, a codificación, a etiquetaxe, etc., das mercadorías que se vaian expedir	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario sobre formas de rotulación, codificación i etiquetaxe das mercadorías expedidas. 	S	15
CA3.6 Confeccionouse a documentación que se lle achega á mercadoría expedida	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Cuestionario sobre a documentación que debe acompañar a mercadoría que se expide. 	S	10
CA3.7 Consideráronse as condicións do seguro máis favorables para a empresa, no transporte da mercadoría expedida	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Informe sobre as cláusulas dos contratos de seguro máis favorables para o transporte de mercadorías. 	N	15
CA3.8 Elixiuse o medio transporte máis axeitado para a mercadoría expedida	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Cuestionario sobre os medios de transporte que se poden empregar para o transporte de mercadorías. 	S	15
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Ordes de pedido.
OMateriais e equipamentos de embalaxe.
Consolidación de mercadorías.
Documentación de envíos.
Transporte de mercadorías.
Seguros sobre mercadorías.
Xestión de residuos de almacén.
Normativa ambiental en materia de almacenaxe e xestión de residuos.
Sistemas de preparación de pedidos.
Fases na preparación de pedidos.
Localización de mercadorías no almacén.
Embalaxe da mercadoría.
Sinalización e rotulación do pedido.
Etiquetaxe.
Normativa de sinalización.
Recomendacións recoñecidas sobre sinalización e rotulación.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Embalaxe i expedición de mercadorías. - Saber a operatoria da recepción e preparación de pedidos e das funcións dos envases i embalaxes e como se clasifican; definición da unidade de carga e a súa paletización.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar as actividades que se realizan cando se ten que preparar un envío ou expedición. • Explicar que son os sistemas de comunicación e transmisión electrónicos (EDI). • Explicar os materiais que se utilizan na elaboración de envases i embalaxes; e tamén como é o proceso de envasado i embalado mais indicado para cada produto. • Explicar a lexislación que regula os materiais de envases-embalaxes que se poden utilizar para cada tipo de produto e o tratamento e destino dos residuos de envases i embalaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar esquemas sobre as actividades para preparar un pedido e os sistemas que empregan para a transmisión electrónica de datos. • Elaborar informes sobre os materiais que se empregan para elaborar envases i embalaxes. • Elaborar esquemas que recollan a lexislación que regula os materiais de envases-embalaxes e do tratamento e destino dos residuos de envases i embalaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Saber a operatoria da recepción e preparación de pedidos e das funcións e clasificación dos envases i embalaxes; definición da unidade de carga e a súa paletización. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto, apuntamentos i exercicios. • Presentación cos conceptos i esquemas da actividade. • Equipo informático con aplicacións para poder buscar información na rede, e para elaborar esquemas e informes. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Informe sobre os materiais empregados para a elaboración de envases i embalaxes, atendendo as características dos produtos a envasar ou embalar, e os medios de transporte a empregar. • PE.1 - Cuestionario sobre as maneiras de optimiza carga en paletas e coletes. • PE.2 - Cuestionario sobre os sistemas de abastecemento de mercadorías e as maneiras de levar a cabo o picking no almacén. • PE.4 - Cuestionario sobre a documentación que debe acompañar a mercadoría que se expide. • TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas ordes de extracción e de preparación de pedidos, atendendo o sistema de picking elixido. 	10,0
Sinalización i etiquetaxe de envíos. - Coñecer os tipos de etiquetas e como se ten que rotular i etiquetar un envío.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar como se realiza a sinalización e rotulación do pedido. • Explicar as clases de etiquetas que se poden empregar tanto na almacenaxe como para a realización de envíos. • Describir a normativa de sinalización e recomendacións recoñecidas sobre sinalización e rotulación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar esquemas e informes sobre clases de etiquetas, e sinalización e rotulación do pedido. • Elaborar informes sobre a normativa de sinalización e recomendacións recoñecidas sobre sinalización e rotulación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os tipos de etiquetas que se poden empregar no almacén i en envíos, e como se ten que rotular i etiquetar un envío. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto e apuntamentos. • Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. • Aplicacións que permitan a elaboración de esquemas e informes. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.3 - Cuestionario sobre formas de rotulación, codificación i etiquetaxe das mercadorías expedidas. 	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Transporte e entrega de mercadorías. - Coñecer os medios de transporte, a súa optimización; saber calculo-lo custe do transporte i elexir o medio de transporte mais axeitado a cada tipo de mercadoría i o seguro mais adecuado e favorable.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar as características dos diferentes medios de transporte, os servizos que ofrecen e como selecciona-lo mais axeitado o tipo de mercadoría e o recorrido. • Explicar como colocan as mercadorías no medio de transporte para optimiza-lo espazo, e que os produtos non sufran deterioros no traxecto. • Explicar que servizos ofrecen os operadores loxísticos as empresas que desenrolan actividades industriais, e que subcontratan as operacións relacionadas co transporte, almacenaxe e distribución. • Explicar como se calculan os custes de transporte utilizando medios propios e tamén contratando os servizos de operadores loxísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar esquemas e informes das características dos diferentes medios de transporte e como selecciona-lo mais axeitado o tipo de mercadoría e o recorrido. • Resolver exercicios sobre optimización de espazo nun medio de transporte e nos diferentes tipos de embalaxe. • Elaborar informes dos servizos ofrecen os operadores loxísticos as empresas que necesitan subcontratar os servizos de transporte, almacenaxe e distribución. • Resolver exercicios sobre cálculo de custes de transporte con medios propios e custe do contrato de servizos cun operador loxístico. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os medios de transporte, a súa optimización; saber calculo-lo custe do transporte i elexir o medio de transporte mais axeitado a cada tipo de mercadoría e o seguro mais adecuado e favorable. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto e apuntamentos. • Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. • Aplicacións que permitan a elaboración de esquemas e informes, e a realización de cálculos. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.2 - Informe sobre as cláusulas dos contratos de seguro mais favorables para o transporte de mercadorías. • PE.5 - Cuestionario sobre os medios de transporte que se poden empregar para o transporte de mercadorías. 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade de avaliación global. - Comprobar os coñecementos sobre a preparación de pedidos i a expedición de mercadorías.		<ul style="list-style-type: none"> Tarefa de avaliación combinada con PE.1, PE.2, PE.3, PE.4 e PE.5 sobre sistemas de abastecemento de mercadorías, documentación que debe acompañar a mercadoría que se expide, formas de optimiza-la carga en paletas, coletes e medios de transporte, e características dos medios de transporte que se poden empregar para o transporte de mercadorías. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobar os coñecementos sobre a preparación de pedidos i a expedición de mercadorías no almacén, de acordo coa normativa de manipulación e transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> Papel, bolígrafo, calculadora i equipos informáticos coas correspondentes aplicacións de cálculo. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Informe sobre os materiais empregados para a elaboración de envases i embalaxes, atendendo as características dos produtos a envasar ou embalar, e os medios de transporte a empregar. OU.2 - Informe sobre as cláusulas dos contratos de seguro mais favorables para o transporte de mercadorías. PE.1 - Cuestionario sobre as maneiras de optimiza-la carga en paletas e coletes. PE.2 - Cuestionario sobre os sistemas de abastecemento de mercadorías e as maneiras de levar a cabo o picking no almacén. PE.3 - Cuestionario sobre formas de rotulación, codificación i etiquetaxe das mercadorías expedidas. PE.4 - Cuestionario sobre a documentación que debe acompañar a mercadoría que se expide. PE.5 - Cuestionario sobre os medios de transporte que se poden empregar para o transporte de mercadorías. TO.1 - Aplícase sobre o portfolio coas ordes de extracción e de preparación de pedidos, atendendo o sistema de picking elixido. 	2,0
TOTAL						22,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	XESTIÓN DE STOCKS	28

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de xestión de existencias de mercadorías no almacén, analizando parámetros de control e realizando inventarios	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Diferenciar entre variedade e tipos de stocks, analizando a función que cumpren segundo a actividade da empresa. 1.2 Saber calcula-lo custe do produto, identificando e desglosando as partidas que o compoñen. 1.3 Calcula-la rotación do stock e compara-las ratios obtidas coas de outros períodos ou empresas do sector, para establecer medidas de mellora e aumenta-la rendibilidade. 1.4 Organiza-lo reaprovisionamento de mercadorías utilizando o sistema de reposición mais aconsellable, para que non se produza o desabastecemento do almacén.	1	Técnicas de xestión de stocks.	12,0
2.1 Coñecer os sistemas de control e xestión das mercadorías almacenadas, identificando as causas pola cales non coincide o inventario físico e contable. 2.2 Saber confeccionar fichas de almacén rexistrando entradas, saídas e devolucións; utilizando os métodos de valoración PMP e FIFO para calcula-lo valor monetario. 2.3 Coñecer os tipos de inventarios, as normas sobre o informe ou inventario anual dos produtos almacenados e os pasos que se teñen que seguir para realizar un inventario físico.	2	Valoración de existencias e inventarios.	14,0
3.1 Comprobar a adquisición de coñecementos sobre a xestión de stocks, o reaprovisionamento de mercadorías e os sistemas de control e xestión das mercadorías no almacén i elaboración de inventarios.	3	Actividade de avaliación global.	2,0
TOTAL			28

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Calculáronse os parámetros de xestión e control de inventarios utilizados habitualmente no almacén	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre xestión e control de inventarios que se realizan no almacén. 	S	10
CA4.2 Establecéronse criterios de cuantificación das variables que detecten as desviacións e roturas de existencias	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario sobre os criterios de cuantificación das variables que detecten as desviacións e roturas de existencias no almacén. 	S	10
CA4.3 Establecéronse sistemas de control de inventarios realizados por medios convencionais ou informáticos	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Aplicada sobre o portfolio dos rexistros de control das mercadorías do almacén e tamén dos inventarios realizados. 	S	20
CA4.4 Establecéronse normas ou protocolos de funcionamento de almacén que regularicen as diferenzas achadas, de ser o caso, na realización de inventarios	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Práctica para establecer normas ou protocolos de almacén 	S	20
CA4.5 Identifícanse as causas polas que poden existir descadramentos entre as existencias físicas e as contables	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario sobre as causas que poden provocar descadramentos entre as existencias físicas e as contables. 	S	20
CA4.6 Propuxéronse medidas que corrixan os descadramentos de almacén, e transmitíronse as incidencias de acordo coas especificacións establecidas	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Práctica para corrixir descadramentos de almacén 	S	20

TOTAL
100
4.4.e) Contidos

Contidos
Existencias de mercadorías. Comportamento das existencias: existencias mínimas, medias, de seguridade e de ciclo, punto de pedido, lote económico, prazo de entrega e prazo de reaprovisionamento. Rotura de existencias e o seu custo. Sistemas de reposición de existencias. Valoración de existencias: criterios e métodos. Recontos e inventarios.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Técnicas de xestión de stocks. - Saber calcular a cantidade de stock que evite desabastecemento e tamén calcula-lo VOP e as variables que inflúen no punto de pedido e reaprovisionamento, para evitar roturas de stock e que o custe de almacenamento sexa mínimo.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as diferenzas entre variedade e tipos de stocks, analizando a función que cumpren segundo a actividade da empresa. Explicar como se calcula o custe do produto, identificando e desglosando as partidas que o compoñen. Explicar como se calcula a rotación do stock e compara-las ratios obtidas coas de outros períodos ou empresas do sector, para poder establecer medidas de mellora e aumenta-la rendibilidade. Explicar como se organiza o aprovisionamento de mercadorías utilizando o sistema de reposición máis aconsellable, para que non se chegue a producir o desabastecemento do almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar esquemas que mostren as diferenzas entre variedade e tipos de stocks, indicando a función que cumpren segundo a actividade da empresa. Resolución de exercicios sobre cálculos de custe de produto, rotación de stock e ratios que se obteñen, comparandoas con datos anteriores e valorando os mesmos. Elaborar informes sobre a organización do aprovisionamento de mercadorías utilizando o sistema de reposición máis aconsellable. 	<ul style="list-style-type: none"> Saber calcular a cantidade de stock que evite desabastecemento e tamén calcula-lo VOP e as variables que inflúen no punto de pedido e reaprovisionamento, que fagan que o custe de almacenamento sexa mínimo i eviten a rotura de stock. 	<ul style="list-style-type: none"> Presentación cos conceptos i esquemas da actividade. Libro de texto, apuntamentos i exercicios. Equipo informático con aplicacións para poder facer cálculos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre xestión e control de inventarios que se realizan no almacén. PE.2 - Cuestionario sobre os criterios de cuantificación das variables que detecten as desviacións e roturas de existencias no almacén. 	12,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Valoración de existencias e inventarios. - Saber rexistrar as entradas e saídas de mercadorías no almacén co sistema de xestión de stocks, controlar e valorar as existencias do almacén e saber os tipos de inventarios que existen e a finalidade de cada un.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os sistemas de control e xestión das mercadorías almacenadas, identificando as causas pola cales pode haber diferenzas entre o inventario físico e contable. Explicar como se confeccionan as fichas de almacén rexistrando entradas, saídas e devolucións; utilizando os métodos de valoración PMP e FIFO para calcula-lo valor monetario das existencias. Explicar os tipos de inventario que hai, as normas sobre o informe ou inventario anual dos produtos almacenados e como se ten que realizar un inventario físico. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver exercicios que rexistren entradas, saídas e devolucións de mercadorías; utilizando os métodos de valoración PMP e FIFO para calcula-lo valor das existencias o remate dun prazo de tempo concreto. Elaborar diferentes tipos de inventario partindo dos datos de mercadorías dun almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> Saber rexistrar as entradas e saídas de mercadorías no almacén cos diferentes sistemas de xestión de stocks. Saber controlar e valorar as existencias do almacén e saber os tipos de inventarios que existen. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, apuntamentos i exercicios. Presentación cos conceptos i esquemas da actividade. Aplicación para realizar cálculos e para elaborar fichas de almacén e inventarios. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario sobre as causas que poden provocar descadramentos entre as existencias físicas e as contables. TO.1 - Aplicada sobre o portfolio dos rexistros de control das mercadorías do almacén e tamén dos inventarios realizados. TO.2 - Práctica para establecer normas ou protocolos de almacén TO.3 - Práctica para corrixir descadramentos de almacén 	14,0
Actividade de avaliación global. - Saber dos coñecementos que se adquiriron sobre a xestión de stocks e a valoración de existencias e inventarios.		<ul style="list-style-type: none"> Tarefa de avaliación combinada con PE.1, PE.2, PE.3, PE.4 e PE.5 sobre xestión de stocks, valoración de existencias i elaboración de inventarios. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobar os coñecementos adquiridos sobre a xestión de stocks e a valoración de existencias i elaboración de inventarios. 	<ul style="list-style-type: none"> Papel, bolígrafo, calculadora i equipos informáticos coas correspondentes aplicacións de cálculo. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre xestión e control de inventarios que se realizan no almacén. PE.2 - Cuestionario sobre os criterios de cuantificación das variables que detecten as desviacións e roturas de existencias no almacén. PE.3 - Cuestionario sobre as causas que poden provocar descadramentos entre as existencias físicas e as contables. TO.1 - Aplicada sobre o portfolio dos rexistros de control das mercadorías do almacén e tamén dos inventarios realizados. TO.2 - Práctica para establecer normas ou protocolos de almacén TO.3 - Práctica para corrixir descadramentos de almacén 	2,0
TOTAL						28,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O PERSOAL DO ALMACÉN	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Programa as actividades diarias do persoal do almacén, de xeito que se garanta o desenvolvemento efectivo e eficaz das actividades	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñece-la organización do departamento loxística-almacén, as funcións e as actividades que realizan os operarios do almacén. 1.2 Principais postos de traballo dentro do almacén. 1.3 Saber confeccionar cronogramas de actuación establecendo equipos de traballo eficientes, en función da especialidade e a formación continua que necesita cada operario.	1	Persoal do almacén	10,0
2.1 Comprobar a elaboración de plans de actividades para o persoal de almacén que garantan a realización eficaz de tarefas.	2	Actividade de avaliación global.	2,0
TOTAL			12

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Determinouse a cantidade de persoal asignado a cada operación de almacén en función das ordes e das especificacións recibidas	● PE.1 - Cuestionario sobre o persoal que se ten que asignar as diferentes operacións que se desenrolan no almacén.	S	10
CA5.2 Asígnouse persoal a cada tarefa do almacén, respectando a normativa laboral e a de seguridade e prevención de riscos laborais	● PE.2 - Cuestionario sobre as principais ocupacións do almacén, e a normativa laboral e de seguridade e prevención de riscos que lles atinxe.	S	10
CA5.3 Establecéronse sistemas de comunicación das instrucións das ordes e actividades diarias que ten que realizar o persoal do almacén	● TO.1 - Aplicada sobre o portfolio das instrucións das ordes e actividades diarias que ten que realizar o persoal do almacén.	S	20
CA5.4 Establecéronse métodos de control de desenvolvemento de ordes e actividades do persoal de almacén, de acordo cos sistemas de calidade implantados pola organización	● TO.2 - Aplicada sobre o portfolio dos controis do cumprimento das ordes e actividades do persoal do almacén, en cumprimento dos sistemas de calidade implantados para o almacén.	S	20
CA5.5 Establecéronse cronogramas para realizar as operacións habituais do almacén que melloren a produtividade	● TO.3 - Aplicada sobre o portfolio das comunicacións das operacións a realizar no almacén, que melloren a produtividade.	S	20
CA5.6 Caracterizáronse as necesidades de información e formación do persoal do almacén	● PE.3 - Cuestionario sobre os procesos de formación do persoal do almacén.	S	10
CA5.7 Incorporáronse técnicas de comunicación que promovan no persoal do almacén a súa integración e traballo en equipo	● PE.4 - Cuestionario sobre a comunicación verbal e non verbal e a coordinación de equipos de traballo no almacén.	S	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos

Contidos
<p>Departamento de loxística.</p> <p>0Necesidades de formación do equipamento do almacén.</p> <p>Principais ocupacións dentro do almacén.</p> <p>Traballo en equipo dentro do almacén.</p> <p>Interdependencia nas relacións profesionais no almacén.</p> <p>Técnicas de comunicación no traballo en equipo do almacén.</p> <p>Comunicación verbal e non verbal.</p> <p>Escoita activa.</p> <p>Técnicas de comportamento asertivo en equipo dentro do almacén.</p> <p>Coordinación de equipos de traballo no almacén.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)						

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Persoal do almacén - Coñecer a organización do departamento de loxística-almacén e as funcións e actividades de cada traballador, establecer métodos de control do desenvolvemento de ordes e actividades do persoal de almacén, establecendo cronogramas para a realización das operacións habituais do almacén que melloren a produtividade.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar como se organiza o departamento de loxística-almacén e as actividades e funcións que desenvola cada traballador. • Definir os principais postos de traballo dentro do almacén. • Explicar como se confecciona un cronograma de actuación, establecendo equipos de traballo eficientes, en función da especialidade e a formación continua que necesita cada operario. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar informes sobre a organización e os postos de traballo dentro do almacén. • Elaborar informes e cronogramas de actuación para os equipos de traballo do almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> • Saber como se organiza o departamento de loxística-almacén e as funcións e actividades de cada traballador, como se controla o desenvolvemento de ordes e actividades do persoal de almacén, logo de establecer cronogramas para a realización das operacións habituais do almacén que melloren a produtividade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto e apuntamentos. • Equipo informático con aplicacións para a elaboración de informes e cronogramas. • Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Cuestionario sobre o persoal que se ten que asignar as diferentes operacións que se desenvolven no almacén. • PE.2 - Cuestionario sobre as principais ocupacións do almacén, e a normativa laboral e de seguridade e prevención de riscos que lles atinxe. • PE.3 - Cuestionario sobre os procesos de formación do persoal do almacén. • PE.4 - Cuestionario sobre a comunicación verbal e non verbal e a coordinación de equipos de traballo no almacén. • TO.1 - Aplicada sobre o portfolio das instrucións das ordes e actividades diarias que ten que realizar o persoal do almacén. • TO.2 - Aplicada sobre o portfolio dos controis do cumprimento das ordes e actividades do persoal do almacén, en cumprimento dos sistemas de calidade implantados para o almacén. • TO.3 - Aplicada sobre o portfolio das comunicacións das operacións a realizar no almacén, que melloren a produtividade. 	10,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade de avaliación global. - Saber como se programan as actividades diarias do persoal de almacén.		<ul style="list-style-type: none"> Tarefa de avaliación combinada con PE.1, PE.2, PE.3 e PE.4, sobre os diferentes postos de traballo e as operacións que se desenrolan no almacén, e como se comunican a ordes a desenrolar, coordinando os equipos que as teñen que executar. Tarefa de avaliación combinada con TO.1, TO.2 e TO.3, sobre os rexistros das ordes de actividade diaria a desenrolar polos operarios do almacén, en cumprimento dos sistemas de calidade implantados para o almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobación de coñecementos adquiridos sobre a elaboración de plans de actividades para o persoal de almacén que garantan a realización eficaz de tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> Papel e bolígrafo. Equipo informático coas correspondentes aplicacións para o rexistro das ordes de actividade diaria que se desenrolan nun almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre o persoal que se ten que asignar as diferentes operacións que se desenrolan no almacén. PE.2 - Cuestionario sobre as principais ocupacións do almacén, e a normativa laboral e de seguridade e prevención de riscos que lles atinxe. PE.3 - Cuestionario sobre os procesos de formación do persoal do almacén. PE.4 - Cuestionario sobre a comunicación verbal e non verbal e a coordinación de equipos de traballo no almacén. TO.1 - Aplicada sobre o portfolio das instrucións das ordes e actividades diarias que ten que realizar o persoal do almacén. TO.2 - Aplicada sobre o portfolio dos controis do cumprimento das ordes e actividades do persoal do almacén, en cumprimento dos sistemas de calidade implantados para o almacén. TO.3 - Aplicada sobre o portfolio das comunicacións das operacións a realizar no almacén, que melloren a produtividade. 	2,0
TOTAL						12,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS NO ALMACÉN	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Manexa aplicacións informáticas de xestión e organización de almacéns que melloren o sistema de calidade	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as diferencias entre os Sistemas de Xestión do Almacén (SXA) e os sistemas de radiofrecuencia (REID), analizando as vantaxes da súa utilización. 1.2 Saber utilizar as funcións e ferramentas do SGA Mecalux EasyWMS Basic.	1	Xestión informática de almacéns.	18,0
2.1 Comprobar o dominio do manexo de aplicacións que faciliten a xestión de almacéns.	2	Actividade de avaliación global.	2,0
TOTAL			20

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Determináronse as principais tarefas do almacén que poidan ser xestionadas de xeito eficiente mediante aplicacións informáticas	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre as principais tarefas do almacén que poidan ser xestionadas eficientemente por medio de aplicacións informáticas. 	S	25
CA6.2 Determináronse as aplicacións informáticas existentes no mercado que poden xestionar as tarefas do almacén	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Informe sobre diferentes aplicacións informáticas que poden xestionar as tarefas do almacén. 	S	15
CA6.3 Utilizáronse aplicacións informáticas axeitadas para realizar a xestión comercial do almacén	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Aplicada sobre o portfolio dos rexistros da xestión do almacén, utilizando unha aplicación informática. 	S	30
CA6.4 Utilizáronse simuladores axeitados para a optimización de cargas, paletización, embalaxes e medios de transporte	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario sobre as maneiras de optimizar as cargas, paletas, embalaxes e medios de transporte. 	S	10
CA6.5 Determináronse solucións loxísticas para a automatización e a eficiencia das tarefas do almacén	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario sobre os sistemas informáticos de colocación e seguimento da mercadoría no almacén. 	S	10
CA6.6 Utilizáronse aplicacións informáticas para a mellora continua do sistema de calidade da empresa	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Aplicada sobre o portfolio das accións para mellora-la calidade do servizo de almacenamento de mercadorías e o servizo a clientela. 	N	10
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Informática nos almacéns. Aplicacións informáticas específicas utilizadas na xestión de almacéns.

Contidos
Simuladores de tarefas. Automatización de almacéns. Sistemas informáticos de colocación e seguimento da mercadoría no almacén. Sistemas de información e comunicación no almacén. Calidade do servizo de almacenamento de mercadorías. Nivel de servizo á clientela.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Xestión informática de almacéns. - Coñecer as aplicacións específicas que se poden empregar na xestión de almacéns, e tamén para a súa automatización para mellora-la calidade do servizo de almacenamento e o nivel de servizo á clientela.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar o uso de aplicacións informáticas que permitan a xestión das mercadorías no almacén e os sistemas de información e comunicación. • Explicar que representa a calidade do servizo de almacenamento de mercadorías e o nivel de servizo á clientela. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar unha aplicación que permita a xestión dun almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e manexar aplicacións que permitan a xestión de almacéns, e tamén a súa automatización para mellora-la calidade do servizo de almacenamento e o nivel de servizo á clientela. 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto e apuntamentos. • Equipo informático con aplicacións para a xestión de almacéns • Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Informe sobre diferentes aplicacións informáticas que poden xestionar as tarefas do almacén. • PE.1 - Cuestionario sobre as principais tarefas do almacén que poidan ser xestionadas eficientemente por medio de aplicacións informáticas. • PE.2 - Cuestionario sobre as maneiras de optimizar as cargas, paletas, embalaxes e medios de transporte. • PE.3 - Cuestionario sobre os sistemas informáticos de colocación e seguimento da mercadoría no almacén. • TO.1 - Aplicada sobre o portfolio dos rexistros da xestión do almacén, utilizando unha aplicación informática. • TO.2 - Aplicada sobre o portfolio das accións para mellora-la calidade do servizo de almacenamento de mercadorías e o servizo a clientela. 	18,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade de avaliación global. - Comprobar os coñecementos sobre a xestión informática dos almacéns.		<ul style="list-style-type: none"> Tarefa de avaliación combinada con PE.1, PE.2 e PE.3 sobre as tarefas do almacén que se xestionan por medio de aplicacións informáticas, a optimización de cargas e a colocación e seguimento das mercadorías no almacén. Tarefa de avaliación combinada con OU.1, TO.1 e TO.2 sobre os rexistros da xestión dun almacén, e as accións levadas a cabo para mellora-lo servizo de almacenamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Determinar os coñecementos adquiridos sobre a xestión e mellora do servizo que pode prestar un almacén, usando diferentes aplicacións informáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> Papel e bolígrafo. Equipo informático coas correspondentes aplicacións para a xestión do almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Informe sobre diferentes aplicacións informáticas que poden xestionar as tarefas do almacén. PE.1 - Cuestionario sobre as principais tarefas do almacén que poidan ser xestionadas eficientemente por medio de aplicacións informáticas. PE.2 - Cuestionario sobre as maneiras de optimizar as cargas, paletas, embalaxes e medios de transporte. PE.3 - Cuestionario sobre os sistemas informáticos de colocación e seguimento da mercadoría no almacén. TO.1 - Aplicada sobre o portfolio dos rexistros da xestión do almacén, utilizando unha aplicación informática. TO.2 - Aplicada sobre o portfolio das accións para mellora-la calidade do servizo de almacenamento de mercadorías e o servizo a clientela. 	2,0
TOTAL						20,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	NORMATIVA DE SEGURIDADE E HIXIENE	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Aplica a normativa de seguridade e hixiene nas operacións de almacén mediante procedementos de previsión de accidentes laborais	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a normativa legal e as disposicións xerais que regulan a seguridade e hixiene no traballo. 1.2 Saber cales son as medidas e precaucións que se deben tomar para evitar os riscos e accidentes que derivan das actividades que se realizan no almacén. 1.3 Desenvolgar unha actitude activa, participativa e responsable na prevención de riscos laborais. 1.4 Saber establecer criterios de actuación diante de situacións de emerxencia (incendio, intoxicacións, caídas, etc.).	1	Normas de seguridade e prevención de riscos en almacéns.	8,0
2.1 Saber os coñecementos adquiridos sobre normas de seguridade e prevención de riscos laborais en almacéns.	2	Actividade de avaliación global.	2,0
TOTAL			10

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA7.1 Determináronse as incidencias e os accidentes máis comúns no traballo diario dentro dun almacén	● OU.1 - Informe sobre as incidencias e os accidentes máis comúns no traballo diario dentro dun almacén.	S	10
CA7.2 Determinouse a normativa aplicable en materia de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais nas actividades propias do almacenamento de mercadorías	● PE.1 - Cuestionario sobre a normativa aplicable en materia de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais nas actividades propias do almacenamento de mercadorías.	S	20
CA7.3 Caracterizáronse as medidas que cumpran adoptar en caso de accidente producido na manipulación da mercadoría dentro do almacén	● PE.2 - Cuestionario sobre as medidas que se teñen que tomar en caso de accidente producido na manipulación da mercadoría dentro do almacén.	S	10
CA7.4 Estableceuse o procedemento que haxa que seguir no caso de accidentes no almacén	● OU.2 - Informe dos procedementos que se teñen que seguir no caso de accidentes no almacén.	S	25
CA7.5 Descríbense as cargas físicas e mentais que se producen nas actividades do almacén	● OU.3 - Informe sobre cales poden ser as cargas físicas e mentais que se producen nas actividades do almacén.	S	25
CA7.6 Descríbense as medidas de seguridade que cumpran adoptar e os medios de protección necesarios en caso de incendios menores no almacén	● PE.3 - Cuestionario sobre as medidas de seguridade que cumpran adoptar e os medios de protección necesarios en caso de incendios menores no almacén.	S	10
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Normativa de seguridade e hixiene no almacén. Normativa de prevención de riscos laborais no almacén. Normativa de seguridade no almacenamento de mercadorías perigosas. Normativa de seguridade e hixiene no almacenamento de mercadorías perecedoiras. Riscos laborais no almacenamento de mercadorías. Sinais de seguridade. Normativa e recomendacións de traballo e seguridade en equipamentos e en instalacións do almacén. Accidentes de traballo na manipulación e no movemento de mercadorías. Riscos de incendios no almacén.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Normas de seguridade e prevención de riscos en almacéns. - Analizar as normas legais de seguridade cando se realizan actividades de manipulación e almacenaxe de mercadorías e concretar procedementos de prevención de riscos no almacén.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as as normas e lexislación de seguridade laboral. Ley de prevención de riscos laborais. Explicar os factores de risco no almacén. Medidas preventivas de seguridade. Explicar os riscos que poden acontecer no almacenaxe de mercadorías e no manexo das cargas. Explicar como se ten que levar a cabo a almacenaxe das mercadorías perigosas e perecedoiras. Explicar como se pode levar a cabo a prevención de risco por incendio. Protección e actuación en caso de incendio. Explicar a sinalización no almacén: cores e símbolos normalizados. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar informes e resumos dos principais riscos de accidente que poden acontecer no almacén, e as medidas preventivas que se teñen que tomar. Elaborar un informe cos símbolos e cores que se empregan na sinalización de seguridade no almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> Informes e resumos dos riscos que poden acontecer no almacén. Informe da simboloxía que se emprega na sinalización de seguridade no almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e apuntamentos. Presentación cos esquemas e conceptos da actividade. Equipo informático con aplicacións que permitan a busca de información na rede e a realización dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Informe sobre as incidencias e os accidentes máis comúns no traballo diario dentro dun almacén. OU.2 - Informe dos procedementos que se teñan que seguir no caso de accidentes no almacén. OU.3 - Informe sobre cales poden ser as cargas físicas e mentais que se producen nas actividades do almacén. PE.1 - Cuestionario sobre a normativa aplicable en materia de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais nas actividades propias do almacenamento de mercadorías. PE.2 - Cuestionario sobre as medidas que se teñen que tomar en caso de accidente producido na manipulación da mercadoría dentro do almacén. PE.3 - Cuestionario sobre as medidas de seguridade que cumpra adoptar e os medios de protección necesarios en caso de incendios menores no almacén. 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade de avaliación global. - Coñecer a asimilación por parte do alumnado das normas de seguridade e da prevención de riscos en almacéns.		<ul style="list-style-type: none"> Tarefa de avaliación combinada con PE.1, PE.2 e PE.3 sobre as normas de seguridade e a prevención de riscos en almacéns. Tarefa de avaliación combinada con OU.2 e OU.3 dos informes sobre procedementos a seguir en caso de accidente no almacén, e das cargas físicas e mentais que se producen nas actividades do almacén. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobar os coñecementos sobre a prevención de riscos laborais no almacén, e as normas de seguridade que se teñen que adoptar. 	<ul style="list-style-type: none"> Papel e bolígrafo. Portfolio cos documentos elaborados na unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Informe sobre as incidencias e os accidentes máis comúns no traballo diario dentro dun almacén. OU.2 - Informe dos procedementos que se teñan que seguir no caso de accidentes no almacén. OU.3 - Informe sobre cales poden ser as cargas físicas e mentais que se producen nas actividades do almacén. PE.1 - Cuestionario sobre a normativa aplicable en materia de seguridade, hixiene e prevención de riscos laborais nas actividades propias do almacenamento de mercadorías. PE.2 - Cuestionario sobre as medidas que se teñen que tomar en caso de accidente producido na manipulación da mercadoría dentro do almacén. PE.3 - Cuestionario sobre as medidas de seguridade que cumpra adoptar e os medios de protección necesarios en caso de incendios menores no almacén. 	2,0
TOTAL						10,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os reflectidos nas táboas do apartado 4. d. de cada unha das unidades didácticas, na que ademais indicamos que peso na cualificación ten cada un dos criterios de avaliación que compoñen cada unidade.

Respecto aos criterios de cualificación para as avaliacións ordinarias serán:

- A cualificación será de 1 a 10 puntos, considerándose necesario para superar o módulo a puntuación mínima de 5 puntos, redondeándose as cualificacións ao enteiro máis próximo.
- A avaliación farase por unidades didácticas sendo necesario superar cada unha das dúas unidades para superar o módulo.
- As avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira) avaliaranse realizando unha media ponderada da nota de cada unidade didáctica desenvolta en cada período. De tal xeito que se calculará tendo en conta o seu peso no conxunto da cualificación.

Os traballos serán propostos pola profesora indicando contidos e data de entrega. O INCUMPRIMENTO DA DATA DE ENTREGA INVALIDA A PORCENTAXE DA NOTA ASIGNADA A TRABALLOS E O 100% DA MESMA VIRÁ DE PROBAS OBXECTIVAS ESPECIALMENTE PREPARADAS PARA O CASO E BASEADAS NOS CONTIDOS INDICADOS.

Existirán postas en escea na aula de situacións de comunicación na empresa. A NEGATIVA POR PARTE DUN ALUMNO A PARTICIPAR EN PÚBLICO NAS SIMULACIÓNS DE SITUACIÓNS DE COMUNICACIÓN OU A EXPOSICIÓN DO SEU TRABALLO SUPORÁ UN 0, (CERO), NESA PARTE DEBENDO RECUPERALA NAS DATAS E FORMA QUE A PROFESORA LLE INDIQUE.

CANDO O PROFESOR DETECTE COPIA OU PLAXIO NOS TRABALLOS PRESENTADOS POLOS ALUMNOS, INVALIDARÁ A PORCENTAXE DA NOTA ASIGNADA A TRABALLOS E O 100% DA MESMA VIRÁ DE PROBAS OBXECTIVAS ESPECIALMENTE PREPARADAS PARA O CASO E BASEADAS NOS CONTIDOS PERTINENTES.

CONSIDERARASE PLAXIO PRESENTAR COMO PROPIOS TRABALLOS OU INFORMACIÓN ALLEA, XA SEXA TOTAL OU PARCIALMENTE, SEN ACREDITAR DE FORMA EXPLÍCITA DE DONDE PROVEN A INFORMACIÓN. NESTA CONSIDERACIÓN INCLUENSE TRABALLOS DE OUTROS ALUMNOS DE ANOS ANTERIORES OU DO CURSO ACTUAL.

OS TRABALLOS DEBEN SER ORIXINAIS Y CITAR SEMPRE AS FONTES OU BIBLIOGRAFÍA.

A cualificación de cada Unidade Didáctica seguirá os instrumentos de avaliación indicados na programación de tal xeito que en cada unidade didáctica, e por tanto, a nivel trimestral, a avaliación estará distribuída do seguinte xeito:

- Proba escrita, que suporá o 50% da nota da Unidade. Realizarase una proba escrita, en forma de exame. Terá as seguintes características:

- Puntuaranse do 1 ao 10
- Para poder avaliar ao alumnado este deberá ter aprobado con 5 mínimo cada proba escrita
- En caso de suspender, algunha das probas escritas realizarase unha recuperación a o comenzo da seguinte avaliación.

-Prácticas, que suporán o 50 % da nota, (a través de listas de cotexo ou escalas de valoración). Consistirán en traballos en equipos ou individuais. Serán puntuadas coas seguintes calificacións: Mal, Regular, Ben, Moi Ben e Excelente en base ao cumprimento dunha serie de requisitos establecidos polo profesor.

Nas prácticas grupais, se algún membro do grupo non cumpre cos requisitos esixidos de traballo para cada proba, recibirá a calificación acorde co traballo realizado por él. Dentro deste apartado terase en conta non só a calidade en canto aos contidos (realización dos procedementos de xeito correcto), senón que tamén se terá en conta a motivación, implicación e participación ante ese traballo.

Para facer máis eficiente o traballo do alumnado poderase agrupar a avaliación das unidades didácticas na súa vertente de proba escrita nunha mesma proba para dúas unidades didácticas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación realizaranse en base aos criterios de avaliación non superados, de xeito que o alumnado terá que recuperar os criterios de avaliación non superados.

-Actividades de recuperación das avaliacións parciais:

A recuperación da 1ª e 2ª avaliacións parciais farase a o comenzo da seguinte avaliación. Consistirá nunha proba escrita baseada en todos os criterios de avaliación. Esta proba escrita conformarase de supostos prácticos e teóricos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua deberá presentarse a unha proba final que se celebrará no mes de Xuño. A proba basearase en todos os criterios de avaliación do currículo e constará de dúas partes, a 1ª, teórica, e a segunda de carácter práctico.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación docente realizarase cotexando as actividades programadas coas realizadas nas clases, semanalmente, e se anotará tanto no caderno de aula como na aplicación informática dispoñible a tal efecto. Mensualmente informarase na reunión do equipo docente e na reunión de departamento do estado da programación e se fora o caso, das modificacións efectuadas.

Estas modificacións incluíranse tamén na memoria de fin de curso xunto coas medidas que se considera conveniente aplicar cara ao próximo curso.

A avaliación da propia programación e da práctica docente será realizada, en primeiro lugar, polo profesor que analizando ao final de cada avaliación parcial os resultados reflectidos nas notas do alumnado autoavaliarase coa fin de verificar se se corresponden coas expectativas e no caso con-trario introducir medidas de mellora. E por outra parte, polo alumnado que cubrirá a enquisa de satisfacción elaborada pola docente e no que se tenta obter resposta das cuestións básicas sobre o proceder, a forma de desenvolver as sesións, etc.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Consistirá nunha posta en común do equipo docente sobre as características xerais do grupo e as circunstancias particulares, con incidencia educativa, de determinados alumnos.

Terá por obxecto coñecer as características, capacidades dos alumnos e súa formación previa, todo encamiñado a tomar as medidas de reforzo que se estimen oportunas

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo ha de ter como obxectivo conseguir un ensino máis adaptado a cada alumno/a de modo que poida desenvolver ao máximo todas as súas capacidades, non facendo fincapé exclusivamente nos aspectos intelectuais e de coñecemento senón tendo en conta tamén os de axuste persoal, emocional e social.

As incluídas na estrutura da aula:

Este tipo de estratexias non modifica a organización do Centro nin do ciclo nin do nivel, concrétase dentro da aula. É, por tanto, fácil de realizar no sentido de que non require contar con máis medios persoais que o profesor da aula e nalgúns casos, os profesores que contan con horario destinado ao reforzo educativo.

Medidas tales como.

1.- Estratexias de Programación:

- Establecer, con claridade, os obxectivos mínimos a conseguir por todo o grupo
- Preparar actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de profundización variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se pon en xogo.

2.- Estratexias de Recursos Materiais:

- Banco de recursos con materiais que permitan realizar actividades de repaso, reforzo e profundización.

3.- Estratexias Espaciais.

- Localización do alumnado no sitio máis adecuado tendo en conta as características de cada alumno/a.
- Localización das mesas en función do tipo de actividade que se vaia a realizar.
- Realización de tarefas de consulta, de reforzo, traballo independente, de ordenador, etc.

Estratexias Persoais:

- Axuda entre iguais: Tutoría entre alumnos: un alumno, considerado experto nunha habilidade ou contido determinados, instrúe ou axuda a outros que non o dominan.
- Aprendizaxe cooperativa: grupos heteroxéneos de alumnos que teñen o obxectivo de conseguir unha meta común; para conseguilo é imprescindible a participación de cada un dos membros do grupo.
- Traballo colaborativo en pequeno grupo (homoxéneos por capacidade ou por rendemento) ou en parella.
- Ensino compartido: presenza na aula de dúas ou máis profesionais que poden repartirse as tarefas, intercambiar roles e proceder a unha mediación máis individualizada.

Medidas de adaptación curricular, cando sexan necesarias e segundo o establecido na normativa vixente.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.

Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicalas con flexibilidade, insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na aula.

- Educación para a paz.- Construír e potenciar unhas relacións pacíficas entre os alumnos, cultivando as condutas asertivas, a aceptación das diferenzas e a forma de resolución violenta dos conflitos que poidan xurdir entre eles.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos.- Desde o desenvolvemento da autoestima e a concepción do corpo como expresión da personalidade, pretende consolidar hábitos non discriminatorios, corrixindo prexuízos sexistas a partir da análise crítica das súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, etc... e promovendo a adquisición de habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- Educación ambiental.- Facilitase a comprensión e valoración dos procesos que se dan na Natureza e nas relacións do home con ela, animando un cambio de valores, actitudes e condutas que promovan o respecto, coidado e promoción do medio ambiente.
- Educación sexual.- Pretende que os alumnos alcancen unha información sexual suficiente e científica, e consoliden, como actitudes básicas, a aceptación do propio corpo e a naturalidade no tratamento dos temas relacionados coa sexualidade, os hábitos de hixiene e o respecto ás diferentes manifestacións da mesma.
- Educación para a saúde.- Fomenta calquera actividade que estimule aos alumnos a crear hábitos e costumes sans.
- Educación do consumidor.- Consiste en promover todo tipo de accións polas que os alumnos filtren a información recibida, de xeito consciente, crítica, responsable e solidaria, así como as decisións consecuentes para a compra de bens e servizos, tendo en conta os valores persoais, a utilización dos recursos e as consideracións ecolóxicas adecuadas.
- Educación viaria.- Insístese na adquisición de condutas e hábitos de seguridade viaria, tanto de peóns como de usuarios de vehículos, á vez que lles sensibiliza sobre os problemas de circulación.
- Outros temas.- Logo dos temas que aparecen nos transversais da LOGSE, a situación social actual leva a incluír outros novos, referidos á multiculturalidade, a tolerancia, o respecto dos Dereitos Humanos, etc... que se englobarían nun xeral sobre a Educación para a convivencia e a tolerancia.

- Actividades a desenvolver:

- Actividades a desenvolver dentro da aula:

- >Clarificación de valores. A finalidade destas actividades é favorecer que o alumno reflexione e tome conciencia e responsabilidade do que valora, pensa ou fai. (propoñer un temas a desenvolver).
